



EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

ÁREA DE RÉXIME INTERIOR, PROMOCIÓN DO TERRITORIO E TURISMO (SERVIZO DE TURISMO)

Anuncio

A Xunta de Goberno da Excma. Deputación Provincial de Lugo en sesión ordinaria celebrada con data 23 de maio de 2025 acordou aprobar e publicar no B.O.P de Lugo a convocatoria e as bases reguladoras dos Premios “Lugo Cambia ao Turismo Lucense”, do “Premio Turismo Sostible” e dos Premios “...E para comer, Lugo á Gastronomía Lucense”. Para dar cumprimento a dito acordo, publícase o texto íntegro das mesmas.

CONVOCATORIA E BASES DOS PREMIOS “LUGO CAMBIA AO TURISMO LUCENSE”, DO “PREMIO TURISMO SOSTIBLE” E DOS PREMIOS “... E PARA COMER, LUGO Á GASTRONOMÍA LUCENSE” PARA A ANUALIDADE 2025

A Deputación de Lugo, no marco das competencias conferidas pola normativa aplicable de Réxime Local e pola normativa sectorial reguladora da actividade turística na Comunidade autónoma galega, desenvolve, entre outras, actuacións que teñen como finalidade a promoción e o fomento do turismo no ámbito provincial.

No contexto destas accións, a finalidade desta convocatoria é a concesión de recoñecementos honoríficos na procura dunha posta en valor de persoas, entidades públicas e privadas, actividades e proxectos sobranceiros no eido do turismo e da gastronomía como elementos socioeconómicos e culturais fundamentais para a identidade da provincia.

Dende o ano 2020, a Deputación de Lugo convoca con carácter anual os Premios “Lugo Cambia ao Turismo Lucense” e “...E para comer, Lugo á Gastronomía Lucense”. Na edición do ano 2022 contemplouse a creación, con carácter excepcional e previa aprobación por parte do Consello de Turismo en sesión ordinaria de data 25 de febreiro de 2022, dunha nova modalidade denominada “Premio Turismo Sostible”, que ten por obxecto o recoñecemento daquelas iniciativas que, dentro do ámbito da provincia de Lugo, contribúan a acadar a sostibilidade turística no eido social, económico e/ou medioambiental. Esta modalidade de galardón enmarcouse dentro das accións que desenvolveu a Deputación de Lugo dentro desta anualidade como antesala do evento “Copa España Creativa”, do que foi anfitrión a entidade provincial, e cuxo lema foi “Sostibilidade, Creatividade e Turismo”.

No ano 2023, e como parte das accións de colaboración da Deputación de Lugo no grupo de traballo de Deputacións, Cabildos e Consellos Insulares da Rede de Destinos Turísticos Intelixentes, o Premio Turismo Sostible da Deputación de Lugo foi incluído como unha iniciativa exemplar dentro do Manual de Experiencias DTI realizado no seo do citado grupo de traballo, motivo polo cal someteuse á consideración do Consello de Turismo, reunido en sesión ordinaria celebrada con data 17 de febreiro de 2023, a posibilidade de manter a citada modalidade de cara a futuras convocatorias, deixando de ter carácter excepcional. O acordo foi aprobado por unanimidade dos membros asistentes.

De acordo co que antecede, é vontade da Deputación de Lugo levar a a cabo unha nova convocatoria dos Premios de Turismo nas correspondentes tres modalidades e mantendo o seu carácter honorífico de cara ao presente 2025.

Polo anteriormente exposto, establécense as seguintes bases:

Primeira: Obxecto

As presentes bases teñen por obxecto a regulación da concesión, en réxime de concorrència competitiva, dos Premios “Lugo Cambia ao Turismo Lucense”, do “Premio Turismo Sostible” e dos Premios “...E para comer, Lugo á Gastronomía Lucense”. Estas distincións teñen por obxecto recoñecer publicamente a dedicación de distintas empresas, persoas, institucións ou entidades e os seus méritos polo traballo realizado en prol do desenvolvemento, do fomento e da promoción turística, a sostibilidade turística, a traxectoria profesional e a posta en marcha de actuacións innovadoras e/ou exemplares que teñan unha repercusión positiva no ámbito do turismo ou da gastronomía da provincia de Lugo, ben no seu conxunto ou nun ámbito territorial inferior comprendido dentro da provincia.

Segunda: Natureza

Os premios obxecto desta convocatoria terán carácter honorífico, sen que a súa concesión supoña a adquisición de dereito económico algún por parte das entidades ou persoas galardoadas.

Os premios consistirán nun diploma acreditativo e nun agasallo de carácter simbólico, que nesta anualidade será unha peza de artesanía tradicional da provincia de Lugo.

As entidades ou persoas galardoadas poderán publicitar a súa condición de premiadas nas accións de promoción que realicen para dar a coñecer a labor que fose obxecto destas distincións.

Os premios obxecto destas bases serán entregados en acto público nos últimos días do mes de setembro de 2025.

Terceira: Orzamento

Para esta convocatoria, a consignación orzamentaria destinada á adquisición dos agasallos e á organización do acto de entrega dos premios será de 5.000 euros IVE engadido.

Cuarta: Candidaturas

Poderán optar aos premios as persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas, tanto a título individual como colectivo, de ámbito local, autonómico, nacional ou internacional que destaquen nalgunha das modalidades establecidas na base quinta e cuxa actuación teña ou tivese unha repercusión positiva no turismo ou na gastronomía a nivel provincial ou nunha zona específica de actuación dentro do territorio lucense.

Quinta: Modalidades

Os premios obxecto desta convocatoria corresponden ás seguintes tres modalidades:

MODALIDADE A: Premios “Lugo Cambia ao Turismo Lucense”

Poderán presentarse a esta modalidade:

- Entidades públicas ou aquelas das que na súa organización forme parte o sector público.
- Empresas, profesionais independentes e traballadores e traballadoras do sector turístico. Poderán concorrer tamén persoas ou entidades privadas que teñan realizada unha labor de investigación ou divulgación da provincia no ámbito turístico con resultados vixentes na actualidade ou que teñan realizado unha aportación destacada no eido do turismo no ano inmediatamente anterior a esta convocatoria ou no que está en curso.
- Colectivos profesionais, asociacións e outras entidades privadas sen ánimo de lucro que desenvolvan unha labor que garde relación co sector turístico.

Os méritos cos que poderán concorrer nesta modalidade deberán estar relacionados con algún dos seguintes ámbitos:

- A dedicación e traxectoria profesional exemplar.
- O desenvolvemento de accións innovadoras en materia de creación de produtos turísticos singulares, novos ou de éxito.
- O desenvolvemento de accións de promoción innovadoras.
- O traballo en prol da calidade turística.
- A creación ou posta a disposición de ferramentas TIC que repercutan positivamente na experiencia das persoas visitantes e/ou na xestión das empresas e destinos turísticos.
- O desenvolvemento de actuacións que contribúan á accesibilidade, física e/ou intelectual, aos recursos e/ou servizos turísticos da provincia de Lugo.
- Accións en materia de recuperación de bens do patrimonio cultural ou natural e accións de embelecemento da paisaxe ou do medio.
- Traballo de investigación turística e/ou publicacións científicas ou xornalísticas, que baseen a súa temática nos recursos, empresas e/ou servizos turísticos da provincia de Lugo e que acheguen datos ou conclusións vixentes no momento da proposta da candidatura. No caso de que un traballo de investigación se desenvolva no contexto dunha titulación académica deberá ter sido cualificado como mínimo, cunha puntuación de sobresaínte, para o que se deberá achegar o certificado expedido pola entidade competente.
- O labor que desenvolvan persoas físicas en calidade de divulgadoras turísticas da provincia de Lugo.
- O desenvolvemento de prácticas laborais exemplares.

Agás no caso do recoñecemento a unha traxectoria profesional exemplar, os proxectos e iniciativas concretas nas que, de ser o caso, puidese fundamentarse a candidatura para a recepción destes premios deberán ter carácter actual, desenvolverse no marco dun plan vixente no momento da candidatura ou ben, como máximo, terse realizado no ano inmediatamente anterior a esta convocatoria, pero con vixencia na actualidade.

MODALIDADE B: “Premio Turismo Sostible”

Poderán presentarse a esta modalidade:

- Entidades públicas ou aquelas das que na súa organización forme parte o sector público.
- Empresas, profesionais independentes e traballadores e traballadoras do sector turístico. Poderán concorrer tamén persoas ou entidades privadas que teñan realizada unha labor de investigación ou divulgación da provincia no ámbito do turismo sostible con resultados vixentes na actualidade ou que teñan realizado unha aportación destacada no eido do turismo sostible no ano inmediatamente anterior a esta convocatoria ou no ano en curso.
- Colectivos profesionais, asociacións e outras entidades privadas sen ánimo de lucro que desenvolvan unha labor que garde relación co sector turístico.

Os méritos cos que poderán concorrer a esta modalidade estarán relacionados co desenvolvemento de iniciativas ligadas ao turismo sostible nas súas diferentes vertentes (social, económica e medioambiental) e/ou co cumprimento de Obxectivos de Desenvolvemento Sostible da Axenda 2030 no ámbito do Turismo.

Os proxectos e iniciativas concretas nas que, de ser o caso, puidese fundamentarse a candidatura para a recepción deste premio deberán ter carácter actual, desenvolverse no marco dun plan vixente no momento da candidatura ou ben, como máximo, terse realizado no ano inmediatamente anterior a esta convocatoria, pero con repercusións vixentes na actualidade.

MODALIDADE C: Premios “...E para comer, Lugo á Gastronomía Lucense”

Poderán presentarse a esta modalidade:

- Empresas, colectivos e profesionais da gastronomía a título individual. Poderán concorrer tamén persoas ou entidades privadas que teñan realizada unha labor de investigación científica ou divulgación xornalística da gastronomía lucense, ou que teñan realizado unha aportación destacada no eido da gastronomía no ano inmediatamente anterior a esta convocatoria ou no ano en curso.
- Produtores individuais, Consellos Reguladores, Indicacións Xeográficas Protexidas, asociacións de criadores de razas autóctonas e outras entidades similares.
- Entidades públicas ou privadas que baseen a súa candidatura nun evento gastronómico ou de exaltación de produtos lucenses recoñecido pola súa repercusión e do que sexan organizadoras.
- Os méritos cos que poderán concorrer nesta modalidade deberán estar relacionados con algún dos seguintes ámbitos:
- O traballo ou traxectoria profesional exemplar.
- As accións de promoción e fomento do consumo de produtos autóctonos, organización de eventos gastronómicos con produtos locais ou accións similares.
- Os traballos de investigación ou publicacións científicas ou xornalísticas baseadas na divulgación dos produtos locais, na recuperación de receitas, usos ou costumes tradicionais ligados á gastronomía lucense e na proposta de accións que exploren novas fórmulas para a combinación de tradición e vangarda na preparación dos produtos gastronómicos autóctonos. Os datos e conclusións que se acheguen nestes estudos ou publicacións deberán revestir, segundo o criterio do persoal membro do Consello Provincial de Turismo, carácter de actualidade na súa temática.
- As accións formativas dirixidas a profesionais da gastronomía baseadas no uso de produtos locais.

Agás no caso do recoñecemento a unha traxectoria profesional exemplar, os proxectos concretos nos que, de ser o caso, puidese fundamentarse a candidatura para a recepción destes premios deberán ter carácter actual, desenvolverse no marco dun plan vixente no momento da candidatura ou ben, como máximo, terse realizado no ano inmediatamente anterior a esta convocatoria pero con vixencia na actualidade.

Sexta: Requisitos das candidaturas

As persoas físicas ou xurídicas candidatas aos premios obxecto desta convocatoria deberán cumprir cos seguintes requisitos:

- No caso de persoas físicas, ser maior de idade.
- Realizar ou ter realizado a actividade pola que se propón a candidatura no ámbito territorial da provincia de Lugo.

- Estar ao corrente no cumprimento coas obrigas tributarias e da Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes e non ter débedas coa Deputación Provincial de Lugo.
- Estar ao corrente coas obrigas en materia de prevención de riscos laborais no caso de persoas xurídicas e co correspondente aboamento de salarios.
- Estar ao corrente coas obrigas impostas pola normativa en materia de subvencións, no seu caso.
- Non ter sido sancionado ou sancionada con carácter firme en materia turística por parte de ningún organismo competente.
- Non ter sido condenado ou condenada por sentenza firme por ningún feito delituoso.
- Autorizar á Deputación de Lugo á difusión dos datos das persoas, empresas, colectivos, institucións ou outras entidades galardoadas por calquera medio e dos motivos polos que lles foron concedidos os premios.

A presentación de candidatura aos premios obxecto desta convocatoria implica a aceptación directa destas bases, así como do premio, no caso de resultar gañador ou gañadora.

Os candidatos e candidatas ou quen ostente a súa representación, no caso de institucións, empresas ou colectivos, serán responsables en exclusiva tanto do cumprimento dos requisitos como da veracidade dos datos que figuren nos anexos destas bases, comprometéndose a probalos documentalmente, no caso de que así se lles solicite.

As candidaturas que fosen galardoadas cos premios obxecto desta convocatoria non poderán volver a presentar candidatura a eles na mesma modalidade ata transcorrido un prazo de tres anos dende a concesión do anterior premio. No caso de que, transcorrido o citado prazo, resultasen novamente galardoados ou galardoadas, os motivos nos que se fundamente a xustificación da súa candidatura non poderán coincidir cos motivos nos que se baseou a concesión do premio ou premios anteriores.

A Deputación de Lugo non se fai responsable do uso non autorizado por terceiros dos proxectos presentados e/ou premiados, en especial da súa copia, manipulación, redistribución ou calquera outra forma en contornas non desexadas ou enlaces ilícitos.

Séptima: Prazo e procedemento de presentación de candidaturas

As solicitudes dirixiranse á Presidencia da Deputación de Lugo e presentaranse de xeito telemático a través da Sede Electrónica da Deputación de Lugo, apartado Trámites Xerais- Premios Lugo Cambia. O prazo de presentación de candidaturas será dun mes a contar dende o día seguinte da publicación das bases e da convocatoria dos premios no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

A presentación de candidatura para a concesión do premio poderá realizarse polo propio candidato ou candidata ou por un terceiro que, tendo coñecemento dos méritos que ostente para cada modalidade o posible candidato ou candidata, así o estime oportuno. Igualmente, os membros do Consello Provincial de Turismo poderán presentar candidaturas para quen consideren axeitado, sempre e cando nas mesmas concorran as condicións necesarias de acordo co establecido nestas bases.

No caso de que as candidaturas sexan presentadas por unha terceira persoa, esta recabará o consentimento expreso do candidato ou candidata correspondente, que deberá asinar o modelo de declaración responsable que figura no Anexo III destas bases, manifestando o cumprimento dos requisitos establecidos para optar á candidatura.

Só poderá presentarse candidatura baixo unha única modalidade das contempladas nestas bases.

Oitava: Acreditación de méritos

As persoas físicas ou xurídicas que presenten candidatura propia ou propoñan a candidatura dunha terceira aos premios en calquera das súas modalidades, deberán presentar, xunto coa correspondente solicitude normalizada que figura no anexo destas bases (I ou II, segundo corresponda) e que estará a disposición na Sede Electrónica da Deputación de Lugo, unha memoria na que farán constar os méritos cos que concorran a esta convocatoria. En dita memoria farán fincapé nos resultados das accións levadas a cabo, sexa dende o punto de vista turístico, gastronómico ou relacionado co desenvolvemento sostible, en beneficio da provincia de Lugo ou nun ámbito concreto da mesma e que fundamenten a candidatura.

A extensión da memoria non superará as 10 páxinas (incluíndo portada e sen contar os anexos) a dobre espazo con letra Arial calibre 12 e co formato determinado no Anexo V destas bases.

Novena: actuación do xurado

Das candidaturas presentadas, darase conta ao Consello Provincial de Turismo, que actuará como xurado dos premios, sendo convocado en sesión extraordinaria que incluírá na orde do día o estudo e análise das candidaturas presentadas. Esta sesión terá carácter reservado co fin de que as deliberacións ou acordos adoptados non afecten á imaxe dos ou das que presentasen candidatura aos premios. O quórum para poder

celebrar esta sesión requirirá da presenza, como mínimo, da Presidencia, da Secretaría e dun terzo dos restantes vogais.

A avaliación das candidaturas basearase nos seguintes criterios xerais:

- Aportación do traballo ou iniciativa ao desenvolvemento turístico da provincia de Lugo, segundo a modalidade de premio que corresponda.
- A singularidade da proposta.
- A repercusión positiva do traballo ou da iniciativa na contribución sobre a imaxe da provincia de Lugo.

Poderán outorgarse un máximo de sete premios nesta convocatoria, a razón dun máximo de tres nas modalidades “Lugo Cambia ao Turismo Lucense” e “...E para comer, Lugo á Gastronomía Lucense”, respectivamente, e un máximo de un no caso da modalidade “Premio Turismo Sostible”. Potestativamente, o xurado poderá propoñer a concesión dun accésit a aquelas candidaturas que non chegasen a ser galardoadas, podendo conceder ata un máximo de tres accésits en total nesta convocatoria. Os accésits consistirán nunha peza de artesanía da provincia de Lugo e nun diploma.

O Consello de Turismo analizará as candidaturas presentadas e cada membro poderá propoñer ata un máximo de tres gañadores/as respectivamente, no caso das modalidades “Lugo Cambia ao Turismo Lucense” e “...E para comer, Lugo á Gastronomía Lucense”, e un máximo de un gañador ou gañadora na modalidade “Premio Turismo Sostible”.

Os membros do Consello de Turismo emitirán os seus votos na forma que determine a Presidencia. A proposta de concesión dos galardóns realizarase en base a aquelas candidaturas que obtivesen o maior número de votos.

No caso de quedar empatadas as candidaturas correspondentes a unha modalidade, realizarase unha segunda rolda de votacións na que os membros do Consello poderán emitir novamente o seu voto sobre as candidaturas empatadas. Se logo desta votación persiste o empate, decidirá o voto de calidade da Presidencia.

De non haber concorrencia de candidaturas á modalidade “Premio Turismo Sostible”, ou ben se as que se presentasen non cumprisen coas prescricións determinadas nestas bases, o Consello de Turismo poderá propoñer a súa concesión directa a algunha persoa ou entidade que cumpra os requisitos establecidos.

A concesión directa do “Premio Turismo Sostible” por parte do Consello Provincial de Turismo requirirá da aceptación expresa do mesmo por parte da persoa ou entidade para que se propón o galardón, así como da sinatura dunha declaración responsable na que se manifeste o cumprimento dos requisitos establecidos nestas bases (Anexo IV).

Ao persoal membro do Consello Provincial de Turismo seranlle de aplicación as causas de abstención reguladas no artigo 23 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público para a deliberación e votación sobre as candidaturas aos premios obxecto destas bases. Igualmente, o persoal membro do Consello Provincial de Turismo deberá absterse de valorar e votar aquelas candidaturas que correspondan aos propios colectivos, entidades ou persoas representadas no Consello Provincial de Turismo, cando estes sexan candidatos aos premios, no seu caso. Ademais, os membros do Consello deberán absterse de valorar e votar aquela modalidade na que presentasen a candidatura dun terceiro, se fose o caso.

En todo caso, o resultado das deliberacións será recollido nunha acta.

Décima: Instrución e resolución do procedemento de concesión dos premios

A instrución do procedemento de concesión dos Premios “Lugo Cambia ao Turismo Lucense”, “Premio Turismo Sostible” e Premios “...E para comer, Lugo á Gastronomía Lucense” corresponderalle ao Servizo de Turismo da Deputación de Lugo, resultando de aplicación a Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

A Xunta de Goberno da Deputación de Lugo será o órgano competente para a resolución da convocatoria dos premios e adoptará o acordo correspondente para a súa concesión, previa proposta que será elevada pola Deputada Delegada de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo en base ao informe do Servizo de Turismo e o acordo do Consello Provincial de Turismo recollido na correspondente acta.

O acordo de concesión dos premios pola Xunta de Goberno será adoptado nun prazo máximo de dous meses a contar dende o día seguinte á finalización do prazo de presentación das candidaturas. Dito acordo será publicado no Boletín Oficial da Provincia e contra o mesmo poderanse interpoñer os recursos pertinentes de acordo coa lexislación aplicable.

Décimo primeira: Revogación

Os premios obxecto desta convocatoria poderán ser revogados a proposta de calquera dos membros integrantes do Consello Provincial de Turismo cando se dea algunha das seguintes circunstancias nun galardoado ou galardoada:

- Ter sido sancionado ou sancionada con carácter firme pola Administración competente en materia turística.
- Ter sido condenado ou condenada en sentenza firme pola comisión dalgún feito delituoso.
- Que se detecte o incumprimento dun ou varios requisitos establecidos para as persoas candidatas nestas bases.
- Outras circunstancias debidamente motivadas que, a xuízo do persoal membro do Consello Provincial de Turismo, se estimen suficientemente significativas para propoñer a revogación do premio.

A proposta de revogación dos premios requirirá a adopción dun acordo previo por maioría absoluta por parte do Consello Provincial de Turismo. Dito acordo, que se recollerá nunha acta, xunto co correspondente informe do Servizo de Turismo, servirán como motivación da proposta de revogación que, por parte da Deputada Delegada de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo sexa elevada á Xunta de Goberno, órgano competente para a revogación dos premios.

Décimo segunda: Outra normativa aplicable

Os premios obxecto desta convocatoria rexeranse no non regulado expresamente nestas disposicións:

- Pola Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.
- Pola Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público
- Pola Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso- administrativa.
- Pola Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.
- Polo Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento europeo e do Consello de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos).
- Polo Regulamento do Consello Provincial de Turismo da Provincia de Lugo, aprobado en sesión plenaria o 30 de xaneiro de 2018, e publicado no Boletín Oficial da Provincia n.º 102 de sábado, 5 de maio de 2018.
- Pola Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.
- Pola Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.
- Pola Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Lugo.
- Plan Estratéxico de Subvencións da Deputación de Lugo.
- Bases de Execución do Orzamento da Deputación de Lugo para o 2025.

Décimo terceira: Réxime de Recursos

O acordo de aprobación das presentes bases e os seus anexos pon fin á vía administrativa polo que contra a mesma cabe interpoñer potestativamente recurso de reposición, no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao da publicación do extracto da convocatoria no BOP, ante a Xunta de Goberno, de conformidade co establecido nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ou recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte ao da publicación do citado extracto da convocatoria no BOP, de conformidade co disposto no artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso- Administrativa. Se optase por interpoñer recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto ou se produza a súa desestimación por silencio administrativo. Todo elo sen prexuízo de que poida exercitar calquera outro recurso que estime procedente.

ANEXO I (SOLICITUDE DE PRESENTACIÓN DIRECTA DE CANDIDATURA)

DATOS DO/A SOLICITANTE	
NOME E APELIDOS OU RAZÓN SOCIAL	DNI / NIF
ENDEREZO	
LOCALIDADE	PROVINCIA
ENDEREZO DE CORREO ELECTRÓNICO	TEL.
ACTIVIDADE QUE REALIZA	
DATOS DO/A REPRESENTANTE	
NOME E APELIDOS	DNI
ENDEREZO DE CORREO ELECTRÓNICO	TEL.

Con relación á base décimo segunda da convocatoria dos premios onde se especifica a normativa reguladora do tratamento de datos persoais:

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE A PROTECCIÓN DOS SEUS DATOS (*)	
RESPONSABLE	Deputación de Lugo
FINALIDADE	Xestión dos certames de premios organizados e promovidos pola Deputación de Lugo
BASE LEXITIMACIÓN	RGPD: 6.1.a) o interesado deu o seu consentimento para o tratamento dos seus datos persoais para un ou varios fins específicas.
DESTINATARIOS	Non previstos
DEREITOS	Acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e, no seu caso, oposición e portabilidade dos datos, así como dereito a retirar o consentimento.
PROCEDENCIA	O propio interesado ou o seu representante legal

(*) Para información adicional relativa a la protección de sus datos, por favor, consulte a ligazón web seguinte: http://deputacionlugo.gal/rexistro_actividades_tratamento/xestion_premios

☐ Si autorizo e consinto que a DEPUTACIÓN DE LUGO utilice os meus datos para a solicitude de candidaturas aos Premios LUGO CAMBIA AO TURISMO LUCENSE, ao Premio TURISMO SOSTIBLE ou aos Premios ...E PARA COMER...LUGO Á GASTRONOMÍA LUCENSE.

SOLICITA:

PRESENTAR CANDIDATURA AOS PREMIOS NA MODALIDADE SINALADA.

DECLARA RESPONSABLEMENTE:

CUMPRIR OS REQUISITOS PARA A PRESENTACIÓN DA CANDIDATURA.

AUTORIZA:

Á Deputación de Lugo á difusión da identidade da persoa ou entidade candidata por calquer medio, no marco desta convocatoria, así como o motivo ou motivos polos que, no seu caso, sexa concedido o premio.

(Sinatura)

ILMO. SR. PRESIDENTE DA EXCMA. DEPUTACIÓN DE LUGO.

ANEXO II (SOLICITUDE DE PRESENTACIÓN DA CANDIDATURA DUNHA TERCEIRA PERSOA OU ENTIDADE)

DATOS DO/A SOLICITANTE	
NOME E APELIDOS OU RAZÓN SOCIAL	DNI / NIF
ENDEREZO DE CORREO ELECTRÓNICO	TEL.
DATOS DO/A REPRESENTANTE	
NOME E APELIDOS	DNI
ENDEREZO DE CORREO ELECTRÓNICO	TEL.

SOLICITA:

Presentar a candidatura de:

NOME E APELIDOS OU RAZÓN SOCIAL	DNI / NIF
ENDEREZO DE CORREO ELECTRÓNICO	TEL.
ACTIVIDADE QUE REALIZA	
MODALIDADE DE PREMIO AO QUE OPTA COA CANDIDATURA (Marque cun "X" a opción axeitada)	
☐ PREMIOS LUGO CAMBIA AO TURISMO LUCENSE. ☐ PREMIO TURISMO SOSTIBLE. ☐ PREMIOS ...E PARA COMER, LUGO Á GASTRONOMÍA LUCENSE.	

Con relación á base décimo segunda da convocatoria dos premios onde se especifica o tratamento de datos persoais:

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE A PROTECCIÓN DOS SEUS DATOS (*)	
RESPONSABLE	Deputación de Lugo
FINALIDADE	Xestión dos certames de premios organizados e promovidos pola Deputación de Lugo
BASE LEXITIMACIÓN	RGPD: 6.1.a) o interesado deu o seu consentimento para o tratamento dos seus datos persoais para un ou varias fins específicas.
DESTINATARIOS	Non previstos
DEREITOS	Acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e, no seu caso, oposición e portabilidade dos datos, así como dereito a retirar o consentimento.
PROCEDENCIA	O propio interesado ou o seu representante legal

(*) Para información adicional relativa a la protección de sus datos, por favor, consulte a ligazón web seguinte: http://deputacionlugo.gal/rexistro_actividades_tratamento/xestion_premios

☐ SI autorizo e consinto que a DEPUTACIÓN DE LUGO utilice os meus datos para a solicitude de candidaturas aos Premios LUGO CAMBIA AO TURISMO LUCENSE, PREMIO TURISMO SOSTIBLE e aos Premios ...E PARA COMER...LUGO Á GASTRONOMÍA LUCENSE.

SOLICITA:

PRESENTAR CANDIDATURA DA PERSOA OU ENTIDADE INDICADA AOS PREMIOS NA MODALIDADE SINALADA.

(Sinatura)

ILMO. SR. PRESIDENTE DA EXCMA. DEPUTACIÓN DE LUGO.

ANEXO III (COMPLEMENTARIO A ANEXO II)**AUTORIZACIÓN DA PRESENTACIÓN DA CANDIDATURA POR PARTE DUNHA TERCEIRA PERSOA OU ENTIDADE**

NOME E APELIDOS	DNI
-----------------	-----

☐ En nome propio☐ En representación de:

DENOMINACIÓN/RAZÓN SOCIAL	NIF/CIF
---------------------------	---------

AUTORIZA A:

NOME E APELIDOS OU RAZÓN SOCIAL	DNI / NIF
---------------------------------	-----------

Á presentación da súa candidatura aos Premios “LUGO CAMBIA AO TURISMO LUCENSE” , “PREMIO TURISMO SOSTIBLE” ou Premios “...E PARA COMER, LUGO Á GASTRONOMÍA LUCENSE”.

AUTORIZA:

Á Deputación de Lugo á difusión da súa identidade por calquer medio, no marco desta convocatoria, así como o motivo ou motivos polos que, no seu caso, sexa concedido o premio.

DECLARA RESPONSABLEMENTE:

CUMPRIR OS REQUISITOS PARA A PRESENTACIÓN DA CANDIDATURA.

(Sinatura)

ILMO. SR. PRESIDENTE DA EXCMA. DEPUTACIÓN DE LUGO.

ANEXO IV**ACEPTACIÓN DA CANDIDATURA (Base novena: aceptación do PREMIO TURISMO SOSTIBLE por concesión directa)**

NOME E APELIDOS	DNI
-----------------	-----

☐ En nome propio☐ En representación de:

DENOMINACIÓN/RAZÓN SOCIAL	NIF/CIF
---------------------------	---------

ACEPTO:

A concesión directa do PREMIO TURISMO SOSTIBLE.

AUTORIZA:

Á Deputación de Lugo á difusión da súa identidade por calquer medio, no marco desta convocatoria, así como o motivo ou motivos polos que, no seu caso, sexa concedido o premio.

DECLARA RESPONSABLEMENTE:

CUMPRIR OS REQUISITOS ESTABLECIDOS NAS BASES DA CONVOCATORIA DO PREMIO.

(Sinatura)

ILMO. SR. PRESIDENTE DA EXCMA. DEPUTACIÓN DE LUGO

ANEXO V: FORMATO DE MEMORIA OBRIGATORIA DE CANDIDATURA E DOCUMENTACIÓN COMPLEMENTARIA A ENTREGAR

As persoas ou entidades candidatas aos Premios “Lugo Cambia ao Turismo Lucense”, ao “Premio Turismo Sostible” ou aos Premios “...E para comer, Lugo á Gastronomía Lucense”, así como aquelas que presenten a candidatura dunha terceira persoa ou entidade, deben achegar na súa solicitude unha memoria executiva cuxa extensión non superará as 10 páxinas (incluíndo portada e sen contar os anexos) a dobre espazo con letra Arial, calibre 12, asinada electrónicamente, na cal se exporán os méritos que concorran para a obtención do galardón.

O esquema da memoria axustarase á seguinte estrutura:

- Introducción (máximo unha páxina):

Nesta parte exporase de forma breve a motivación para concorrer á convocatoria dos Premios “Lugo Cambia ao Turismo Lucense”, do “Premio Turismo Sostible” ou dos Premios “...E para comer, Lugo á Gastronomía Lucense”.

- Desenvolvemento:

Nesta parte desenvolveranse do xeito máis detallado posible, tendo en conta a extensión máxima da memoria, os argumentos e méritos polos cales considera que a candidatura é merecedora da obtención do galardón.

Deberase ter en conta que estes méritos teñen que adecuarse aos aspectos sinalados na base quinta da convocatoria.

A maiores, as persoas ou entidades candidatas ou as que presenten a candidatura dunha terceira persoa ou entidade, deberán achegar como anexo a seguinte documentación, de ser procedente:

- O traballo de investigación completo e asinado, sempre e cando a súa candidatura esté baseada no mesmo, así como o certificado académico oficial de calificacións, se se trata dun traballo realizado no marco do plan de estudos dunha titulación académica.
- Outra documentación que a persoa ou entidade candidata considere necesario aportar para apoiar a súa candidatura.

Lugo, 23 de maio de 2025.- O PRESIDENTE, P.D. Decreto de data 26-07-2019, o DEPUTADO DELEGADO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA E SOCIAL, Pablo Rivera Capón. O Secretario Xeral, José Antonio Mourelle Cillero.

R. 1396

CONCELLOS**BARREIROS***Anuncio***APROBACIÓN DEFINITIVA ORDENANZAS SUBMINISTRO AUGA E XIMNASIO MUNICIPAL.**

No pleno do 3 de abril de 2025 aprobanse inicialmente a Ordenanza reguladora do abastecemento de auga do Concello de Barreiros, o Regulamento de uso e funcionamento do ximnasio municipal de Barreiros, a Ordenanza fiscal reguladora do prezo público pola prestación do servizo de ximnasio municipal e a modificación da ordenanza de ficheiros de carácter persoal do Concello de Barreiros.

Non se recibiron alegacións no prazo de exposición pública polo que se consideran aprobadas definitivamente, e de conformidade co artigo 70.2 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, procedese á publicación dos seus textos íntegros para a súa entrada en vigor:

“ORDENANZA REGULADORA DO ABASTECIMENTO DE AGUA DO CONCELLO DE BARREIROS**TITULO I****DISPOSICIÓNS XERAIS****ARTIGO 1. OBXECTO DA ORDENANZA**

A presente Ordenanza ten por obxecto regular as relacións entre as persoas usuarias do servizo de abastecemento domiciliario de auga de consumo e o Concello de Barreiros como entidade subministradora, sinalándose os dereitos e obrigas básicas para cada unha das partes.

ARTIGO 2. NORMAS XERAIS.

A subministración domiciliaria de auga de consumo, rexeráse polas disposicións que establece a presente Ordenanza, así como na Ordenanza fiscal vixente, polo Código Técnico da Edificación e polo establecido na Lei de Réxime Local e demais normativa concordante de aplicación.

ARTIGO 3. DEFINICIÓNS

3.1. Persoa usuaria ou abonada: Aquela persoa que teña contratado o servizo público de subministración de auga procedente das redes públicas de abastecemento.

3.2. Entidade subministradora: A entidade subministradora será sempre o Concello de Barreiros, sen prexuízo da forma de xestión do servizo de subministración domiciliaria de auga de consumo.

3.3. Servizos técnicos: Entenderase por servizos técnicos a unidade administrativa que o Concello determina como responsable do Servizo, en canto ás tarefas de control, inspección técnica ou calquera outra de policía sobre o servizo e a súa xestión técnica.

3.4. Acometida: Denomínase acometida ao ramal que partindo da tubaxe de distribución secundaria máis próxima conduza a auga ao pé do edificio ou límite da parcela que se desexe abastecer.

3.5. Subministración: Fornecemento de auga de consumo realizado pola entidade subministradora á persoa abonada.

TITULO II**OBRIGAS E DEREITOS****ARTIGO 4. OBRIGAS DA ENTIDADE SUBMINISTRADORA**

4.1. Obriga da subministración. Dentro do termo municipal e no ámbito no que estea instalada a rede de distribución de auga, a Entidade Subministradora, cos recursos ao seu alcance, está obrigada a conceder a subministración de auga a todas aquelas persoas ou entidades que o soliciten para o seu uso en edificios, locais e recintos, sempre que estes reúnan as condicións esixidas neste Regulamento e demais disposicións que sexan de aplicación.

4.2. Calidade da auga. A Entidade Subministradora está obrigada a subministrar auga aos abonados, garantindo a súa potabilidade, consonte ás disposicións vixentes, até a chave de rexistro existente en propiedade pública xunto a muro-fachada, que se considera, con carácter xeral, como inicio da instalación interior da persoa cliente, sempre e cando as instalacións cumpran co establecido na presente Ordenanza municipal.

4.3. Conservación das instalacións. Atínxelle á Entidade Subministradora a conservación, mantemento e explotación das redes e instalacións de abastecemento de auga que lle sexa adscritas, así como ás acometidas de auga ata o límite da propiedade privada.

4.4. Regularidade na prestación do servizo. A Entidade Subministradora estará obrigada a manter a regularidade na subministración de auga. En calquera caso, non lle serán imputábeis as interrupcións destes servizos nos supostos indicados neste Regulamento.

4.7. Tarifas. A entidade subministradora estará obrigada a aplicar, aos distintos tipos de subministración que teña establecidos, os prezos e cadros de tarifas que, en cada momento, estean aprobadas polo Concello de Barreiros.

4.8. Incorporación das obras e instalacións hidráulicas. Correspóndelle á entidade Subministradora informar e autorizar ou, no seu caso, redactar e aprobar os proxectos de obras de abastecemento de auga precisas ata os inmobles ao obxecto de prestar o servizo; incorporando, asemade, aquelas obras realizadas por particulares en canto á ampliación ou extensión de redes necesarias para a execución de proxectos promovidos por aqueles.

ARTIGO 5. DEREITOS DA ENTIDADE SUBMINISTRADORA

5.1. O Concello, como entidade subministradora poderá inspeccionar, revisar e intervir, coas limitacións que se establecen nesta ordenanza, as instalacións interiores da subministración que, por calquera causa, se atopen ou podan atoparse en servizo ou uso.

5.2. O Concello ten dereito a percibir o importe das liquidacións ou cargos que, regulamentariamente se realicen á persoa abonada.

ARTIGO 6. OBRIGAS DAS PERSOAS USUARIAS

As persoas usuarias, con carácter xeral, terán as seguintes obrigas:

- Ao pago das liquidacións e/ou facturacións que se realicen, conforme ás prestacións e nos consumos de auga subministrada. Esta obrigatoriedade de pago considerarase extensiva aos casos en que os mesmos se teñan orixinado por fuga, avaría ou defecto de construción ou conservación das instalacións interiores, así como por incumprimento desta ordenanza.

- A empregar de forma correcta as instalacións ao seu servizo, adoptando as medidas necesarias para conservar as mesmas na forma mais axeitada, e evitando o retorno á rede de posibles augas contaminantes, mantendo, ademais, intactos os precintos que garantan a non manipulación do contador e instalacións de acometida, no seu caso, como bens de servizo público, así como garantindo as condicións idóneas para a toma de lecturas daqueles equipos.

A persoa abonada está obrigada a manter o contador e chave de paso en bo estado de conservación, de maneira que poidan ser desmontados con facilidade. Estas instalacións serán por conta da persoa abonada.

- A facilitar ao Concello a colocación dos elementos precisos na propiedade obxecto da subministración, se fose o caso, así como a permitir a entrada a todo persoal autorizado polo Concello, que así o acredite, a fin de que poda efectuar cantas comprobacións estean relacionadas coa subministración da auga.

- As persoas abonadas non poderán, baixo ningún concepto, ceder gratuíta ou remuneradamente auga potable a terceiros, xa sexa con carácter permanente ou temporal, sendo responsable de toda defraudación que se produza no seu subministración, ben por si ou por calquera outra persoa que de el dependa.

- As persoas abonadas deberán, en interese xeral e no seu propio, poñer en coñecemento do Concello calquera avaria ou perturbación producida ou que, ao seu xuízo se puidera producir na rede xeral de distribución ou nas acometidas.

- A utilizar a auga potable subministrada na forma e para os usos solicitados. Ademais, está obrigada a solicitar á entidade subministradora a autorización pertinente para calquera modificación nas súas instalacións que implique un aumento nos caudais contratados de subministración ou que representen consumos significativos polo seu volume.

- A persoa abonada que desexe causar baixa no servizo estará obrigada a notificar por escrito ao Concello dita baixa con un mes de antelación, indicando, en todo caso, a data en que debe cesar a citada subministración.

- Cando a presión no punto de acometida sexa insuficiente ou excesiva, a persoa abonada deberá prever e dotar ao seu cargo as instalacións de equipos de elevación ou redución de presión e depósitos para un correcto servizo.

- Cando nunha mesma finca exista xunto á auga de consumo de distribución pública, auga de outra procedencia, a persoa abonada estará obrigada a establecer redes e instalacións interiores por onde circulen ou se almacenen independentemente as augas, sen que exista posibilidade de que se mesturen as augas dunha ou outra procedencia.

A Entidade Subministradora non se responsabilizará da calidade das augas nas instalacións que non cumpran estas condicións, advertíndoselle ás persoas abonadas da responsabilidade na que pode incurrir, de producirse, por retroceso, a alteración das condicións de potabilidade das augas da rede pública.

ARTIGO 7. DEREITOS DAS PERSOAS ABONADAS.

As persoas abonadas, con carácter xeral, terán os seguintes dereitos:

- A recibir nas súas instalacións auga que reúna os requisitos de aptitude para o consumo humano establecidos nas disposicións vixentes, nas condicións técnicas de presión que, de acordo coa instalación da vivenda, industria ou outros usos, sexan axeitadas, sen outras limitacións que as establecidas na presente ordenanza e demais disposicións aplicables.

- A que os servizos que reciba lle sexan liquidados polos conceptos e contías vixentes en cada momento.

- A que se lle tome a lectura do equipo de medida que controle a subministración e por tanto a que se emita a correspondente liquidación.

- A formular reclamación contra o funcionamento do servizo mediante os procedementos contemplados neste regulamento. Cando a reclamación se refira ao cumprimento das condicións da subministración de auga de consumo, a reclamante deberá acreditar a súa condición de persoa abonada, ou representante legal da mesma.

- Igualmente, terá dereito, se así é solicitado, a que se lle informe da normativa vixente que lle resulte de aplicación, así como a que se lle facilite por parte do Concello, un exemplar desta ordenanza.

TITULO III

DAS INSTALACIÓNS DE ABASTECIMENTO DE AGUA

ARTIGO 8. ELEMENTOS MATERIAIS DO SERVIZO

Son elementos do Servizo de Abastecemento de Auga Potable, tódolos incluídos na rede xeral, que se compón de rede de alta, rede de baixa e acometidas.

a) Rede de alta: Comprende as obras hidráulicas de captación, elevacións, estación de tratamento, depósitos de almacenamento, de cabeceira, cola e reguladoras, edificios, dispositivos electromecánicos,

tubaxes e conducións mestras, sistemas de regulación e control, etc., e demais elementos que dispoña a rede de alta.

b) Rede de baixa: Comprende a rede de distribución necesaria para o abastecemento da poboación. Está composta de tubaxes, arquetas, pezas especiais, bocas de rego e incendio, etc., con características

que se axustarán ó indicado na normativa que lle sexa de aplicación. Distínguense dous tipos de redes de baixa:

b.1) Rede de distribución primaria: Son aquelas tubaxes da rede de distribución que enlazan diferentes sectores da zona abastecida, sen que nela poidan realizarse acometidas.

b.2) Rede de distribución secundaria: Son aquelas conducións da rede de baixa que discorren ao longo dunha vía pública ou propiedade privada previa constitución da oportuna servidume, sobre as que se derivarán, no seu caso, as acometidas para as subministracións, bocas de rego ou calquera outra permitida, para subministrar un caudal puntual necesario e suficiente.

c) Acometida: Enténdese por acometida o ramal que partindo da tubaxe de distribución secundaria máis próxima conduza a auga ao pe do edificio ou límite de parcela que se desexe abastecer. Estará formada por unha tubaxe única de características axeitadas ao volume de auga a subministrar. Disporá como mínimo de chave de corte externa en vía pública, en arqueta axeitada, fronte ao inmovible correspondente e o máis próxima posible a el.

A acometida constará dos seguintes elementos:

a) Dispositivo de toma: atópase colocada sobre a tubaxe da rede de distribución e abre o paso da acometida.

b) Ramal: é o tramo de tubaxe que une o dispositivo de toma coa chave de rexistro.

c) Chave de rexistro: estará situada ao final do ramal de acometida na vía pública e xunto ao inmovible ou límite da propiedade. Constitúe o elemento diferenciador entre a entidade subministradora e a persoa abonada, no que respecta á reparación da acometida.

O elemento que delimita a competencia para reparación das acometidas, é a chave de rexistro, sendo competencia da entidade subministradora reparar a acometida dende a rede xeral ata a chave de rexistro e competencia da persoa abonada a súa reparación a partir da mesma.

ARTIGO 9. INSTALACIÓNS INTERIORES

9.1 As instalacións interiores para a subministración de auga serán executadas por empresa instaladora autorizada polo organismo competente en materia de Industria e axustarase a canto para o efecto prescribe a norma básica para instalacións interiores de subministración de auga.

9.2. A conservación e mantemento destas instalacións, serán por conta e a cargo do cliente titular ou titulares da subministración existente en cada momento.

9.3. Sen prexuízo das facultades inspectoras dos organismos da administración, a entidade subministradora, por medio do seu persoal debidamente autorizado, poderá intervir, inspeccionar ou comprobar a execución dos traballos, materiais e operacións que se realicen na instalación particular da persoa cliente.

Con posterioridade ao remate das instalacións interiores, o persoal da entidade subministradora poderá inspeccionar as instalacións da súa clientela, co fin de vixiar as condicións e forma en que estes utilizan a subministración e, no seu caso, informarlles da axeitada da subministración.

Para tal fin a persoa cliente deberá autorizar durante calquera hora diúrna a entrada do antedito persoal, ao lugar onde se encontren tales instalacións.

9.4. A entidade subministradora non poderá autorizar a subministración de auga cando, ao seu xuízo, as instalacións particulares da persoa cliente non reúnan as debidas condicións para iso.

9.5. En todo caso, non lle incumbe á entidade subministradora ningunha responsabilidade que puidese provocarse polo funcionamento normal ou anormal das instalacións interiores.

9.6. Cando a xuízo da entidade subministradora unha instalación particular existente dunha abonada, non reúna as condicións necesarias de seguridade e aptitude para o fin a que se destina, comunicáraselle á mesma para que substitúa, modifique ou repare o antes posíbel, nun prazo máximo que se sinalará segundo as circunstancias que concorran en cada caso.

Transcorrido o prazo concedido para a súa adecuación sen que a persoa cliente teña cumprido o ordenado pola entidade subministradora, e se a súa actitude pode ocasionar danos a terceiros, poderáselle suspender a subministración de auga até tanto que a antedita instalación particular reúna as debidas condicións de seguridade.

9.7. A persoas abonadas do servizo de abastecemento, estarán obrigadas a comunicar á entidade subministradora calquera modificación que realicen na disposición ou características das súas instalacións interiores que supoñan unha modificación substancial do caudal ou volume de auga consumida.

TÍTULO IV**ACOMETIDAS****ARTIGO 10. CONDICIÓN DAS ACOMETIDAS**

A aprobación ou denegación de toda acometida para subministración de auga potable corresponderalle ao Concello de Barreiros e estará supeditada a que se cumpran as condicións de abastecemento pleno que se establecen seguidamente, así como aquelas que resulten de aplicación da normativa vixente, previo informe dos servizos técnicos:

- 1) Que o inmovible a abastecer estea situado na área de cobertura do abastecemento en zona urbanizada.
- 2) Que o inmovible que se pretende abastecer conte con instalacións interiores dispoñibles e adecuadas ás normas desta ordenanza.
- 3) Que o inmovible dispoña de acometida para vertidos de augas residuais e pluviais, ou teña resolto o sistema de evacuación das mesmas, dispoñendo, neste caso, das autorizacións precisas para tal fin.

ARTIGO 11. TRAMITACIÓN E AUTORIZACIÓN DAS ACOMETIDAS

A petición farase en impreso normalizado que facilitará a entidade subministradora. Na solicitude farase constar, como mínimo, o nome e documento de identificación da persoa solicitante ou a súa razón social e o seu enderezo para notificacións, teléfono e, se dispón del, correo electrónico; se é posible, o nome e documento de identidade da futura persoa abonada (no caso de que sexa distinta da solicitante); o enderezo e a referencia catastral do inmovible para o que se solicita a acometida; o uso ao que se destinará a auga e o caudal necesario.

Á solicitude acompañarase copia da licenza de construción, nos casos de acometida para novas obras; da licenza de actividade ou comunicación previa, no caso de usos comerciais e/ou industriais, ou a documentación acreditativa do rexistro de explotación, no caso de usos agrogandeiros; así como, en tódolos casos, memoria técnica valorada das obras a executar e plano de situación de cartografía municipal ou catastral a escala axeitada. Ademais, se fora o caso, deberán achegar autorizacións sectoriais necesarias para a execución da acometida.

Asemade, no suposto que para atender unha solicitude de subministración fose necesaria a utilización de terreos propiedade dun terceiro, será necesaria a presentación de autorización expresa e por escrito da persoa propietaria dos terreos, que servirá como documento de constitución de servidume de paso e de acceso para mantemento das instalacións establecidas.

A petición de acometida á rede municipal de auga de consumo, implicará tamén a de vertido das augas residuais cando exista rede de saneamento nesa zona ou, no seu defecto, a acreditación da existencia de sistema de evacuación de augas autorizado.

Poderase solicitar a execución das obras por parte do Concello en cuxo caso a Administración emitirá a correspondente liquidación á persoa peticionaria conforme ao establecido na Ordenanza fiscal reguladora.

ARTIGO 12. EXECUCIÓN DAS ACOMETIDAS

As execucións de acometidas realizaranse sempre a petición da persoa interesada que deberá acompañar a súa solicitude dunha memoria técnica valorada, segundo o establecido no anterior artigo.

As obras poderán ser executadas pola propia entidade subministradora ou por terceiros baixo o control e supervisión da entidade.

Unha vez executadas pasarán a ser propiedade do Concello de Barreiros.

A persoa solicitante deberá satisfacer os dereitos de acometida establecidos na normativa fiscal correspondente e, no caso de execución das obras pola Administración, o importe da liquidación dos custos das mesmas.

Na execución das acometidas deberá contemplarse a instalación dunha chave de paso de uso exclusivo para o inmovible para o que se solicita.

ARTIGO 13. POSTA EN CARGA

Realizada a acometida, a entidade subministradora porá en carga ata a chave de rexistro, que non poderá ser manipulada ata despois da formalización do correspondente contrato de subministración, que en todo caso non poderá formalizarse ata comprobar o correcto estado das instalacións interiores do edificio.

Pasado un ano dende o inicio da subministración sen que se formulara reclamación sobre a realización ou posta en carga da acometida, entenderase que o propietario da finca está conforme coa súa execución.

ARTIGO 14. CONSERVACIÓN E MANTEMENTO

O manexo, reparación e cambio das acometidas serán sempre competencia exclusiva da entidade subministradora quen realizará os traballos correspondentes a cargo da persoa peticionaria; xa sexa esta usuaria, propietaria ou construtora do inmovible.

Serán de conta e cargo da entidade subministradora os gastos de conservación das acometidas desde a toma ata o límite da propiedade particular.

Serán de conta e cargo da persoa cliente os gastos de reparación e substitución da instalación de subministración de auga, desde o comezo da propiedade particular até o final da súa instalación de distribución interior ou particular.

Os traballos e operacións de mellora nas acometidas realizadas a pedimento da persoa usuaria con aprobación da entidade subministradora, serán de conta e cargo da persoa usuaria. A usuaria estará obrigada a cambiar á súa costa as instalacións que por seren obsoletas non funcionen de forma axeitada ás necesidades actuais do inmovible ao que subministren.

ARTIGO 15. DEREITO DE ACOMETIDA.

15.1. Son as compensacións económicas que deberán satisfacer as persoas solicitantes dunha acometida á Entidade Subministradora, para compensar o valor proporcional dos investimentos que as mesmas deban realizar nas ampliacións, modificacións ou reformas e mellora das súas redes de distribución, ben no momento do seu pedimento, ou noutra ocasión anterior ou posterior, e no mesmo lugar ou distinto a aquel do que se solicita a acometida, para manter a capacidade de abastecemento do sistema de distribución, nas mesmas anteditas condicións á prestación do novo subministro, e sen merma ningunha para os preexistentes.

15.2. Para a realización da acometida polo Concello, presentaráselle á persoa solicitante o orzamento da mesma, para o seu pagamento previo á execución.

15.3. Os dereitos de acometida, serán aboados por unha soa vez, e unha vez satisfeitos, quedarán adscritos a cada unha das instalacións, vivendas, locais, etc., para os que se aboaron, aínda cando cambie a persoa propietaria ou usuaria da mesma.

ARTIGO 16. BOCAS DE INCENDIOS

Todo sistema que constituía a instalación contra incendios, alimentárase a través dunha acometida á rede pública de distribución independente á da subministración ordinaria, instalándose un contador de paso libre na acometida, e, no caso de carecer de rede contra incendios independente da subministración ordinaria, os gastos ocasionados das obras de acometida que sexan necesarias, serán sufragadas pola propiedade segundo establecido na ordenanza fiscal reguladora.

As instalacións contra incendios serán absolutamente independentes das destinadas a calquera outro fin, e delas non poderá efectuarse derivación algunha para outro uso.

Cando a normativa específica de incendios esixa unha presión na instalación interior do usuario superior á que exista, será responsabilidade da persoa usuaria establecer e conservar os dispositivos de sobre elevación que lle permitan dar cumprimento á normativa específica antes citada.

Queda igualmente prohibido tomar auga de calquera elemento destas instalacións, salvo no caso de incendio, sen a expresa autorización do Concello.

TÍTULO V**O SERVIZO DE ABASTECIMENTO****ARTIGO 17. DE CARÁCTER XERAL.**

A utilización da subministración de auga farase tomando a persoa usuaria a que necesite, determinándose o volume consumido mediante un aparato contador homologado oficialmente.

As persoas usuarias ou propietarias, segundo o caso, son responsables do cumprimento das disposicións desta ordenanza por si e por cantas persoas se atopen nos seus locais ou vivendas, así como de todos os danos e prexuízos que calquera delas podan causar con motivo do servizo.

As autorizacións serán por tempo indefinido sempre e cando se cumpra o sinalado. Pola súa parte, a persoa abonada pode, en calquera momento, renunciar a subministración, previo aviso cun mes de anticipación á data en que desexa que finalice. Chegada a súa solicitude procederase ao corte ou precintado da subministración de auga e a formular a liquidación definitiva; co seu pago darase por terminada a vixencia da alta na subministración.

ARTIGO 18. MODALIDADES

En función do uso que se faga da auga, o carácter da subministración tipificarase nunha das seguintes modalidades:

18.1. Usos domésticos: Son aqueles nos que a auga se empregue exclusivamente para atender as necesidades ordinarias da vida.

18.2. Usos non domésticos: Serán todos aqueles nos que a auga non se utilice para os fins expostos no apartado anterior.

En función do carácter do suxeito contratante da subministración e do seu destino, este tipificarase en:

a) Usos comerciais: Consideraranse como tales todas aquelas subministracións nas que a auga constitúa un elemento indirecto e non básico nunha actividade profesional, comercial, fabril ou industrial. Neste sentido entenderase tamén como unha actividade comercial o uso da auga en vivendas incluídas no Rexistro de Información Turística de Galicia (RITGA) como vivendas de uso turístico.

b) Subministración para usos industriais: Entenderanse como tales todas aquelas subministracións nas que a auga constitúa un elemento directo e básico, ou imprescindible, na actividade industrial.

c) Subministración de obra: Serán aqueles, cando a persoa abonada se dispoña a efectuar calquera tipo de edificación e contrate a auga con destino a ela.

Esta modalidade terá carácter especial e transitorio e efectuarase mediante contador colocado para o efecto, en lugar apropiado debidamente protexido. A subministración cortarase cando se solicite para o edificio a licenza de primeira ocupación ou utilización ou se estime que a edificación ou obra estea rematada.

d) Subministracións agrícolas e/ou gandeiras: as subministracións agrogandeiras son aquelas destinadas tanto ao rego para a obtención de produtos agrícolas, estando comprendidas neste uso as explotacións industriais de floricultura, como as propias para o desenvolvemento de explotacións gandeiras.

En ámbolos dous casos, a persoa solicitante do servizo deberá acreditar documentalmente a existencia da explotación no inmovible a subministrar, así como a inscrición daquela no REAGA. As solicitudes de subministración para uso agrícola ou gandeiro que non acrediten este rexistro serán denegadas automaticamente.

e) As instalacións contra incendios no interior de edificacións, calquera que sexa o destino ou uso destas, requirirase o establecemento dunha subministración de auga para este uso exclusivo e o cumprimento, a tódolos efectos, das condicións que este Regulamento prescribe para as instalacións destinadas ao abastecemento ordinario.

A conexión á rede pública de distribución dunha subministración contra incendios, requirirá a formalización previa nos mesmos termos que calquera outra modalidade de uso do servizo.

f) Subministración aos servizos municipais: Tódalas subministracións de uso municipal serán gratúitas, realizándose a implantación progresiva de equipos de medida en todas elas. A estes efectos, entenderanse como servizos municipais as subministracións prestadas ao Concello, sen que este perciba polo destino a que se dediquen ningunha contraprestación económica.

A entidade subministradora poderá propoñer as orientacións precisas para evitar consumos abusivos nas subministracións desta tipoloxía e lograr un maior aproveitamento dos caudais.

g) Subministración para outros usos: Consideraranse como tales, aqueles non enumerados nos demais grupos deste mesmo artigo, tales como: abonados circunstanciais ou esporádicos por razón de feiras, etc.; concertos de subministración por aforo para un fin específico; convenios a tanto alzado, etc.

ARTIGO 19. TRAMITACIÓN E AUTORIZACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN

19.1. Solicitudes

A persoa peticionaria deberá realizar unha solicitude de alta ou cambio de titularidade da subministración no impreso que, a tal efecto, se lle proporcionará nas oficinas municipais. Nestes impresos farase constar o nome, documento de identidade, enderezo para notificacións e teléfono e correo electrónico (se dispón del) da persoa solicitante, uso e destino que pretende dársele á auga de consumo solicitada, inmovible ao que se destina, con identificación de enderezo e referencia catastral, e demais circunstancias que sexan necesarias para a correcta definición da subministración. Ademais, incluírá o número de conta onde desexe domiciliar a facturación.

Todas as circunstancias que se fagan constar na solicitude de alta, faranse baixo a exclusiva responsabilidade da persoa solicitante e servirán de base para regular as condicións do referida subministración.

Con carácter xeral non se admitirán solicitudes de subministracións que teñan pendentes o pago de recibos ata que dita débeda quede satisfeita ou se anule por causas legais xustificadas.

No caso de altas e baixas estacionais dunha mesma vivenda (as que se producen de forma reiterada en períodos inferiores a un ano) os dereitos de acometida da segunda e sucesivas altas serán do triplo da tarifa establecida na ordenanza correspondente, salvo causa xustificada e apreciada polo concello.

A petición de subministración de auga de consumo en inmoables que estean situados en parcelas nas que a rede de saneamento se sitúe a unha distancia igual ou inferior a 50 metros do fronte da parcela, sempre a

través de camiños públicos ou acceso rodado de carácter público, aparelará obrigatoriamente a alta no servizo de sumidoiros, agás naqueles casos nos que as condicións técnicas, debidamente valoradas, desaconsellen a súa conexión pola complexidade das obras a executar para a correcta evacuación das augas (diferenzas de cota, afeccións,...)

Xunto co modelo normalizado de solicitude deberá achegarse a seguinte documentación:

- Documento de identidade da persoa física ou xurídica solicitante e, de ser o caso, da súa representante, así como documento de representación e/ou autorización
- Título de propiedade, contrato de alugueiro ou documento acreditativo do dereito sobre o inmovible (vivenda, local, industria ou finca) para o cal se solicite a subministración.

En todo caso as persoas propietarias dos inmoibles son solidariamente responsables das subministracións de auga que se realicen naqueles, aínda que non foran solicitados nin consumidos por eles.

No caso de que se solicite unha alta ou cambio de titular do servizo a nome dunha persoa que non sexa titular do inmovible, é obrigatoria a achega de documento asinado pola propiedade na que se autorice a alta a nome de terceiras persoas e no que, ademais, declare ser coñecedora da súa responsabilidade solidaria respecto da subministración de auga que realicen na súa propiedade e da obriga de responder do seu pagamento no caso de que a débeda non sexa abonada. Sen este documento a alta no servizo só se poderá realizar a favor da propiedade do inmovible.

En todo caso o Concello resérvase o dereito de esixir a fianza, aval bancario ou de outra natureza, ao seu arbitrio, que garanta as obrigas.

- Informe elaborado por técnico competente no que se describan as instalacións interiores do inmovible obxecto da solicitude de subministración (boletín da instalación). Non obstante, no caso de tratarse de edificacións finalizadas no ano 2000 e anteriores, o dito informe poderá substituírse por unha declaración responsable no que o interesado veña a manifestar que as citadas instalacións se atopan en condicións de funcionamento adecuadas para recibir o abastecemento de auga municipal e resultan compatibles coas condicións técnicas fixadas polo Regulamento.
- Os permisos e/ou licenzas municipais, establecidas en cada momento de: apertura, cando se trate dun local comercial ou industrial; primeira ocupación ou cédula de habitabilidade para o caso de vivendas; obras cando se trate de subministracións para este fin, ou documentación acreditativa da existencia de explotación nos casos de uso para fins agrícolas ou gandeiros.

19.2. Autorización da subministración

Comprobado o cumprimento dos requisitos establecidos neste regulamento, autorizarase a alta da subministración para o uso solicitado condicionada ao pagamento previo das taxas recollidas na ordenanza fiscal, das que o Concello emitirá a oportuna liquidación.

Cada subministro quedará adscrito aos fins para os que se concedeu, non podendo dedicalo a outros fins ou modificar o seu alcance, para o que, en calquera caso, será necesaria unha nova solicitude e, no seu caso, o contrato seguinte.

As solicitudes deberán ser resoltas no prazo máximo dun mes.

19.3 Denegación da subministración

A entidade subministradora poderá denegar a concesión da subministración nos casos seguintes:

- Pola falta de presentación dalgún dos documentos requiridos para a tramitación da alta.
- Pola existencia de débedas previas asociadas á subministración de auga ao inmovible
- Cando se comprobe que a persoa peticionaria do servizo deixara de satisfacer o importe da auga consumida en virtude de outra subministración subscrita coa entidade prestadora do servizo e en tanto non abone a súa débeda
- Se para o inmovible para o que se solicita o servizo existe outro contrato de subministración anterior e en plena vixencia.
- Pola inadecuación das instalacións interiores ás prescricións técnicas vixentes no momento da petición.
- Cando non exista acometida para a subministración de auga ou esta exista, pero sexa inadecuada.
- Cando o inmovible non conte con autorización para o vertido de augas residuais e pluviais.

ARTIGO 20. SUSPENSIÓNS DA SUBMINISTRACIÓN

20.1. Tipos e causas

1. DE CARÁCTER INMEDIATO

A) En supostos de urxencia

- no caso de que exista unha afectación á cantidade ou calidade da auga subministrada á rede xeral
 - por perdas que afecten aos niveis de almacenaxe ou subministración
 - cando en instalacións interiores se faga uso ou mestura de augas de distinta procedencia que puideran afectar á potabilidade da auga na rede de distribución.
 - no caso de inserción nas tubaxes de abastecemento, sen previa autorización da entidade subministradora, de bombas ou calquera aparato que modifique ou poda afectar as condicións da rede de distribución no seu entorno, e consecuentemente, interfiran co servizo prestado a outras persoas usuarias.
- B) Cando unha persoa goce de subministración sen a previa solicitude de alta e autorización do Concello ao seu nome que a ampare.
- C) Cando polo persoal municipal se atopen derivacións nas redes, con consumo de auga do abastecemento municipal sen tramitación da correspondente alta, é dicir, realizadas clandestinamente. Neste caso, o Concello poderá efectuar o corte inmediato da subministración de auga en tales derivacións, dando conta, por escrito, á persoa titular da subministración de alta, da ilegalidade detectada

2. DE CARÁCTER ORDINARIO

- A) Pola falta de pagamento de dous recibos pendentes, unha vez transcorrido o prazo legal para o pago dos mesmos e sen que a persoa interesada presente escrito de reclamación ou se aprobe un aprazamento ou fraccionamento da débeda.
- B) Cando durante seis meses persista a imposibilidade de tomar a lectura dentro do réxime normal establecido ao efecto por causa imputable á persoa usuaria, a entidade subministradora poderá suspender transitoriamente a subministración ata tanto a persoa usuaria acceda a modificar, ao seu cargo e pola súa conta, a instalación do equipo de medida, de forma que non dificulte o acceso ao mesmo para poder tomar a lectura.
- C) En todos os casos nos que se faga uso da auga de consumo que se lle subministre en forma ou para usos distintos dos autorizados.
- D) Por falta de pago, no prazo de quince días hábiles contados a partir da data de comunicación, das cantidades resultantes de liquidación firme de fraude ou no caso probado de reincidencia de fraude. A entidade subministradora contará coas autorizacións pertinentes.
- E) Por negligencia do abonado respecto da reparación de avarías nas súas instalacións se, unha vez notificado por escrito pola entidade subministradora, transcorrese un prazo superior aos trinta días hábiles, a partir do día seguinte á notificación sen que a avaría fose arranxada.
- F) Por incumprimento das condicións establecidas nesta Ordenanza municipal para a realización do servizo.

20.2. Procedemento de suspensión

Con excepción dos casos de suspensión inmediata previstos neste Regulamento, a entidade subministradora deberá dar conta ao organismo competente en materia de industria e á persoa usuaria por correo certificado, considerándose que queda autorizada para a suspensión da subministración se non recibe orde en contrario de dito organismo no termo de 15 días hábiles, contados a partir da data en que se deu conta dos feitos, salvo que o solicitado non se axustara a dereito.

A suspensión da subministración de auga por parte da entidade subministradora, salvo nos supostos de suspensión inmediata, non poderá realizarse en días festivos ou días en que por calquera motivo, non exista servizo administrativo e técnico de atención ao público, a efectos da tramitación completa do restablecemento do servizo, nin en vésperas do día en que se dean algunhas destas circunstancias.

O restablecemento do servizo realizarase o mesmo día ou, no seu defecto, ao seguinte día hábil en que foran emendadas as causas que orixinaron a suspensión de subministro.

A notificación da suspensión de subministro, incluírá, como mínimo os seguintes puntos:

- Nome e enderezo da persoa usuaria.
- Enderezo do inmobile abastecido.
- Data a partir da cal se producirá o corte.
- Detalle da razón que orixina a suspensión.

- Nome, enderezo, teléfono e horario das oficinas administrativas da entidade subministradora nas que poidan emendarse as causas que orixinaron a suspensión.

A reconexión do subministro farase pola entidade subministradora que poderá cobrar da persoa usuaria, por esta operación, unha cantidade que será fixada no cadro de prezos que aprobe o Concello. A usuaria non recuperará o servizo ata que non proceda ao seu pago. En ningún caso se poderán percibir estes dereitos se non se efectuou a suspensión da subministración.

Transcorridos tres meses desde a suspensión da subministración sen que a persoa abonada emendara calquera das causas establecidas no artigo 20 deste Regulamento, polas cales se procedeu á citada suspensión, o servizo estará facultado para resolver o contrato, ao abeiro do que dispón o artigo 1124 do Código Civil, sen prexuízo dos dereitos da entidade subministradora á esixencia do pagamento da débeda e ao resarcimento dos danos e prexuízos a que houbera lugar.

ARTIGO 21. EXTINCIÓN DO SERVIZO

20.1. O contrato de subministración de auga quedará sen efecto, sen prexuízo da antedita execución ou no das accións de suspensión de subministración, especificadas no artigo 20 deste Regulamento, por calquera das causas seguintes:

- a) A petición da persoa usuaria.
- b) Por resolución da entidade subministradora, no caso de persistencia durante máis de tres meses en calquera das causas de suspensión de subministro regulamentadas no artigo 20 deste Regulamento.

20.2. A continuación da subministración despois de terse extinguido o contrato por calquera das causas sinaladas anteriormente só se poderá efectuar mediante nova solicitude, subscrición de novo contrato e pagamento dos dereitos correspondentes.

20.3. A pedimento da propiedade do inmovible, aínda que non sexa a persoa abonada, sempre que acredite que non existe arrendatario/a titular do contrato.

22. INTERRUPCIÓNS E RESTRICCIÓNS

22.1. Interrupcións

O Concello poderá interromper temporalmente os usos comerciais, industriais ou agrogandeiros xa que estes estarán en todo momento subordinados ás esixencias do consumo doméstico. Tamén poderá prohibir temporalmente o uso do servizo para instalacións auxiliares das vivendas como as piscinas, xardíns,

Os casos nos que o Concello poderá interromper o servizo serán:

- a) Avarías e causas de forza maior que fagan imposible a subministración ou o vertido á rede de sumidoiros.
- b) A execución de obras de reparación ou mellora nas instalacións, que sexan necesarias para optimización das condicións do servizo ou de vertido.
- c) Por imprevistos ou causas de forza maior que poidan afectar á saúde pública.

En calquera caso, comunicarse cun día de antelación, mediante os medios de difusión necesarios, a interrupción do subministro e a súa duración aproximada, salvo nos casos de urxencia ou imprevistos en que isto non sexa posible.

22.2. Restricións na subministración ou usos

Nos casos de diminución ou perda do caudal dispoñible que provoque insuficiencias da dotación, acumulación ou caída na presión da auga, o Concello poderá restrinxir temporalmente a subministración ou os usos de acordo coa seguinte orde de prioridades:

1º Abastecemento da poboación, incluíndo na súa dotación a necesaria para industrias de pouco consumo de auga situadas nos núcleos de poboación e conectadas á rede municipal.

2º Usos ambientais, entendendo como tales aqueles usos da auga que son esenciais para a preservación do ambiente, así como os derivados da lexislación de incendios forestais, protección civil, especies protexidas ou conservación de zonas húmidas.

3º Usos agropeduarios e acuicultura.

4º Usos industriais para produción de enerxía eléctrica.

5º Outros usos industriais:

- a) Industrias produtoras de bens de consumo.
- b) Industrias do lecer e o turismo.
- c) Industrias extractivas.

6º Usos recreativos.

7º Navegación e transporte acuático.

8º Outros usos.

TÍTULO VI

EQUIPOS DE MEDIDA

ARTIGO 23. OBRIGATORIEDADE DE USO

A medición dos consumos que van servir de base para a facturación de toda subministración realizarase a través dun contador, propiedade da persoa abonada; que é o único medio que dará fe da contabilización do consumo.

Como norma xeral, a medición de consumos efectuarase mediante:

Contador único: cando no inmovible ou finca só exista unha vivenda ou local, en subministracións provisionais para obras e en polígonos en proceso de execución de obras, e en tanto non sexan recibidas as súas redes de distribución interior.

Batería de contadores divisionarios: cando exista máis dunha vivenda ou local, será obrigado instalar un aparato de medida para cada unha delas e os necesarios para os servizos comúns.

Toda vivenda unifamiliar ou local comercial, independentemente de que sexa destinado a actividades industriais, ao exercicio profesional ou á prestación de calquera servizo, disporá dun contador individual que será propiedade da usuaria.

Cando nun mesmo inmovible existan actividades autorizadas que aparellen distintas modalidades de uso da auga, deberán instalarse contadores diferenciados para cada un dos seus usos (por exemplo, no caso de inmoables de tipoloxía residencial nos que se desenvolvan actividades profesionais ou empresariais).

ARTIGO 24. CARACTERÍSTICAS TÉCNICAS

Os aparatos de medida (contadores) teñen que ser dun modelo oficialmente aprobado conforme á normativa legal aplicable.

O aparato indicador do contador de auga proporcionará unha indicación de volume facilmente lexible, segura e sen ambigüidades visuais. O volume de auga indicarse en metros cúbicos.

Os contadores serán sempre de modelo oficialmente homologado e debidamente verificado con resultado favorable, e deberán ser precintados polo organismo da Administración responsable de dita verificación.

A selección do tipo de contador, a súa clase (polo menos clase B), o seu diámetro e emprazamento, determinaranse pola prestadora do servizo, de acordo coas normas básicas para as instalacións interiores de subministración de auga vixentes no momento da contratación, segundo o tipo de inmovible a subministrar ou en relación ao caudal punta horario previsto en subministracións especiais.

No caso de que o consumo real non se correspóndense co contratado e non gardase a debida relación co que corresponde ao rendemento normal do contador, este deba ser substituído por outro de diámetro axeitado, quedando obrigada a persoa usuaria a satisfacer os gastos ocasionados.

ARTIGO 25. PROPIEDAD DOS EQUIPOS

Os contadores serán propiedade das persoas usuarias que os poderán adquirir libremente nos lugares que estimen oportunos sempre que os equipos cumpran coas esixencias do Concello.

O contador unha vez colocado unicamente poderá ser manipulado por persoal municipal.

ARTIGO 26. INSTALACIÓN DE CONTADORES

Non se poderá realizar a instalación de ningún contador ata que a persoa usuaria obteña a autorización de subministración, segundo o establecido no artigo 18. A colocación e instalación realizarase baixo supervisión da entidade subministradora correndo os gastos por conta da persoa solicitante. Unha vez instalado, o contador só poderá ser manipulado pola entidade subministradora.

Contador único: Instalarase xunto coas súas chaves de protección e manobra nun armario, homologado pola entidade subministradora, exclusivamente destinado para esta finalidade, situado na planta baixa do inmovible, xunto ao portal de entrada e encaixado no muro de fachada ou pechamento da propiedade que se pretende fornecer e, en calquera caso, con acceso directo desde a vía pública.

O contador estará situado en posición horizontal e no sentido correcto.

Baterías de contadores divisionarios: As baterías de contadores divisionarios, instalaranse nos locais ou armarios exclusivamente destinados a este fin, situados na planta baixa do inmovible, en zona de uso común, con acceso directo desde o portal de entrada. As baterías para a centralización de contadores responderán a tipos e modelos oficialmente aprobados e homologados polo Organismo competente en materia de Industria.

Na orixe de cada montante e no punto de conexión do mesmo coa batería de contadores divisionarios, instalárase unha válvula de retención, que impida retornos de auga á rede de distribución.

ARTIGO 27. PRECINTADO E CONSERVACIÓN

O aparato contador que vaia ser instalado polo abonado deberá estar verificado obrigatoriamente e poderá ser comprobado e precintado antes da súa instalación, serán contrastados oficialmente por persoal do Concello, salvo que os revisara previamente a Delegación de Industria e veñan precintados pola mesma, a cuxo trámite pode obrigar sempre o Concello.

Será obrigación da persoa usuaria a custodia do contador, así como, o conservar e manter o mesmo en perfecto estado, sendo extensible esta obrigación, tanto aos precintos de contador, como ás etiquetas daquel. A responsabilidade que se derive do incumprimento desta obrigación, recaerá directamente sobre a persoa usuaria titular da subministración.

No caso de que unha subministración fose dada de baixa, o concello pode esixir si se produce unha alta posterior mantendo o mesmo contador existente, que dito contador sexa sometido a verificación por parte da Delegación de Industria a costa do particular.

ARTIGO 28. RENOVACIÓN E SUBSTITUCIÓN DE CONTADORES

28.1. Contadores avariados:

Se ao facer a lectura e durante as visitas de inspección, se comprobara que o contador está avariado, requirirase á propiedade para a súa inmediata reparación.

A reparación ou substitución do contador deberá facerse no prazo máximo de 30 días, e mentres estivese avariado calcularase o consumo nun promedio co dos bimestres anteriores e, no seu caso, co de igual bimestre que no ano inmediato anterior.

Nos casos de nova instalación ou de carecer de datos de consumos anteriores calcularase o consumo discrecionalmente polos servizos técnicos por razón de analoxía u aproximación.

Nos casos de non reparar o contador avariado ou substituílo por outro novo no prazo que se fixa anteriormente, aplicarase sancións segundo o establecido neste Regulamento.

28.2. Renovación por normativa:

A obrigabilidade da renovación periódica dos contadores será a establecida pola normativa vixente que determine a vida útil dos mesmos, que actualmente está establecida en doce anos.

Transcorrido ese tempo a persoa abonada deberá realizar o cambio de contadores e notificarlo á empresa subministradora. De non facelo a empresa subministradora poderá estimar os consumos aplicándolle as subcontaxes que se consideren.

28.3 Cambios de emprazamento:

A instalación que servirá de base para a colocación dos contadores ou aparatos de medida, deberá ser realizada por instalador autorizado, por conta e a cargo do titular do inmovible, e no lugar que cumpra as condicións regulamentarias.

Calquera modificación do emprazamento do contador ou aparato de medida, dentro do recinto ou propiedade coa subministración á que estea adscrito, sempre serán a cargo da parte que inste dita modificación. Non obstante, será sempre a cargo da persoa abonada toda modificación no emprazamento do contador ocasionada por calquera dos seguintes motivos:

- a) Por obras de reformas efectuadas pola propiedade con posterioridade á instalación do contador e que dificulten a súa lectura, revisión ou facilidade de substitución.
- b) Cando a instalación do contador non responda as esixencias deste Regulamento, e se produza un cambio na titularidade do subministro.

TÍTULO VII

LECTURAS, CONSUMOS E FACTURACIÓN

ARTIGO 29. LECTURAS

A entidade subministradora estará obrigada a establecer un sistema de toma de lecturas permanentemente e periódico, de forma que, para cada persoa abonada os ciclos de lecturas conteñan, no posible, o mesmo número de días.

A facturación de consumos farase bimestralmente ou coa periodicidade que fixe o Concello.

Con carácter excepcional e para persoas abonadas con consumos superiores a 500 m³ mensuais e que o soliciten por escrito, o Concello poderá aprobar a súa facturación mensual, previo informe da entidade subministradora.

A lectura de contadores que servirá para establecer os consumos efectuados polas persoas usuarias, será realizada en horas hábiles ou de normal relación co exterior, polo persoal autorizado expresamente por este Concello. A lectura deberá poder efectuarse sen necesidade de entrar na propiedade particular.

No caso de non ser posible realizar a lectura, deixaráselle unha nota indicando a hora e data da visita e solicitando ó particular que comunique ó concello nos dez días seguintes os datos de consumo do contador.

De calquera maneira, se transcorrido o prazo fose imposible obter a lectura real, aplicaráselle á persoa abonada o mínimo mensual indicado na tarifa. Cando poida ser feita a lectura facturaránse os metros consumidos dende a última realizada, sen estimar os mínimos xa facturados.

Os consumos así estimados, terán o carácter definitivo no suposto de avaría no contador, e como entregas a conta nos outros supostos, nos que, unha vez obtida a lectura real, normalizarase a situación, por exceso ou por defecto, nas facturacións do seguinte período.

No caso de non poder obter a lectura durante tres bimestres consecutivos ou catro alternos no período dun ano, aplicaránse as sancións contidas neste Regulamento.

ARTIGO 30. CONSUMOS

Como norma xeral, a determinación dos consumos que realice cada persoa usuaria, concretaránse pola diferenza entre as lecturas de dous períodos consecutivos de facturación.

A persoa abonada satisfará ao Concello o importe da auga consumida con arranxo á tarifa vixente, en vista dos datos que reflectan as lecturas. As tarifas sinalaránse na Ordenanza fiscal correspondente.

ARTIGO 31. FACTURACIÓN

As cantidades a facturar pola entidade subministradora polos conceptos que procedan en función da modalidade da subministración e dos consumos facturables, pola prestación do servizo, calcularánse aplicando as tarifas vixentes en cada momento.

Os consumos facturaránse por períodos de subministro vencidos. O primeiro período calcularase desde a data de posta en servizo da instalación.

ARTIGO 32. FACTURAS OU RECIBOS

Os recibos dos importes do servizo prestado confeccionaránse periodicamente, incluíndose nos mesmos os impostos e outras taxas que poidan corresponder. Confeccionarase un recibo por cada cliente.

A entidade subministradora especificará, nos seus recibos ou facturas, a desagregación do sistema tarifario aplicable, fixando claramente todos e cada un dos conceptos de facturación.

Nas facturas ou recibos emitidos deberán constar, ademais, os datos identificativos de cliente e domicilio da subministración, lecturas de contador, importe dos servizos e tributos que se repercutan, domicilio e prazo de pagamento, e datos da entidade subministradora a onde dirixirse para solicitar información ou efectuar reclamacións, e outros que a xuízo da Entidade fosen convenientes para a súa mellor comprensión pola persoa cliente.

Os impostos, taxas, arbitraxes, dereitos, tributos ou gastos de calquera clase, establecidos ou que poidan establecerse polo Estado, Provincia, Municipio ou calquera Administración Pública, que graven de algunha maneira, ben a subministración en si mesma, ben a documentación que sexa necesaria para formalizar un contrato de subministración, así coma calquera outra circunstancia relacionada con estes, serán por conta da persoa abonada.

ARTIGO 33. FORMA DE PAGAMENTO

O aboamento dos recibos periódicos do servizo efectuarase preferentemente polo sistema de domiciliación bancaria.

Non obstante, a persoa abonada poderá facer efectivos os importes facturados pola entidade subministradora nas súas oficinas, entidades de crédito ou outros establecementos autorizados polo servizo.

Igualmente en casos excepcionais, a persoa abonada poderá facer efectivo o importe do recibo mediante xiro postal ou transferencia bancaria similar, sempre coa conformidade previa e expresa da entidade subministradora.

En caso de devolución de recibos polas entidades bancarias, por causas imputables á persoa abonada, será por conta do mesmo a totalidade dos gastos que se produzan por motivo de dita devolución, incluída a liquidación de intereses de demora correspondentes.

ARTIGO 34. PRAZO DE PAGAMENTO

A persoa abonada disporá dun prazo de sesenta días contados a partir da data de notificación do recibo. De non facelo neste prazo, procederase ao recargo coa liquidación de intereses de demora correspondentes, sen prexuízo da suspensión do subministro e das restantes accións legais que procedan para facer efectiva a cantidade non satisfeita.

ARTIGO 35. CORRECCIÓN DE ERROS NA FACTURACIÓN

A persoa abonada poderá obter da entidade subministradora calquera información relacionada coas lecturas, facturacións, comprobacións de contador, cobros, tarifas aplicadas e, en xeral, sobre toda cuestión relacionada coa subministración que se xerara nun período de catro anos anteriores a data de presentación da petición correspondente.

Nos casos de que, por erro, a entidade subministradora facturase cantidades inferiores ás debidas, distribuírase o pagamento da diferenza nun prazo que, salvo acordo en contrario, será de igual duración que o período durante o cal se estenden as facturacións erróneas, cun tope máximo de un ano.

A abonada terá dereito a reclamar a devolución de ingresos indebidos ao servizo. A devolución das cantidades percibidas indebidamente debera ser inmediata, unha vez que se comprobe o erro de facturación, de medida, ou calquera outra causa que provoque o erro.

Cando a persoa abonada presente unha reclamación para a devolución de ingresos indebidos, expresará de forma clara e concisa os conceptos polos que reclama e os fundamentos de reclamación, e acompañará os xustificantes dos ingresos supostamente indebidos e calquera outra documentación que proceda.

O servizo queda obrigado a resolver a reclamación, á maior brevidade posible e notificar o acordo adoptado á parte reclamante.

Non será atendida ningunha reclamación sobre consumo de auga que non sexa formulada pola persoa abonada ou quen a represente legalmente.

ARTIGO 36. SUBMINISTRACIÓN A TANTO ALZADO

En aquelas instalacións nas que, polo seu carácter temporal, pola súa situación de precariedade ou por calquera outra causa de excepcionalidade, se contratara a subministración por un volume ou caudal fixo, ou por cantidade predeterminada por unidade de tempo de utilización, non poderán imputarse outros consumos que os estritamente pactados.

Igualmente, a persoa usuaria destas subministracións, non poderá aducir circunstancia ningunha que puidera servir de base para posibles deducións nos consumos ou cantidades pactadas.

Nestes casos, poderase efectuar a súa facturación de forma anticipada, e coincidindo coa concesión dos mesmos.

TÍTULO VIII**FRAUDES, INFRACCIÓNS E SANCIÓN****ARTIGO 37. FRAUDES****37.1. Casos de fraude**

Consideraranse fraudes as seguintes actuacións:

- a) Utilizar a auga sen ter autorizada a alta correspondente.
- b) Non ter instalado equipo de medida
- c) A manipulación ou alteración por calquera procedemento do rexistro do contador ou aparello de medida.
- d) Establecer ramais, derivacións e enxertos despois do equipo de medida distinguindo dous tipos de actuacións fraudulentas:
 - d.1. A autorización por parte de persoa abonada ao servizo da realización de derivacións a favor de terceiras persoas
 - d.2. A execución e emprego da auga subministrada a través destas derivacións por terceiras persoas non abonadas ao servizo
- e) O establecemento de ramais, derivacións ou enxertos antes da entrada ao contador equipararanse os fraudes recollidos nos apartados a) e b) deste artigo.
- f) O emprego da auga para usos distintos dos contratados

37.2 Liquidación de fraudes

A entidade subministradora practicará a correspondente liquidación, segundo os casos relacionados na primeira parte deste artigo, do xeito seguinte:

1. Nos casos a), b) e d) liquidarase o importe correspondente ao triplo do consumo mínimo establecido na ordenanza fiscal, segundo o uso do que se trate

2. Nos fraudes citados nas letras c) e e), liquidarase o importe correspondente ao triplo do consumo mínimo, salvo que o consumo entre lecturas sexa superior a este, en cuxo caso se aplicará o triplo do importe resultante do consumo rexistrado no contador
3. No caso f) aplicarase o triplo da tarifa do uso real descontando do importe resultante as cantidades xa abonadas.

ARTIGO 38. INFRACCIÓNS

Distinguiranse entre leves, graves ou moi graves.

38.1 Constituirán infracción leves:

- a) Introducir modificacións ou realizar ampliacións na instalación, sen previa autorización, sempre que non constitúan fraude.
- b) Todas as accións ou omisións que contraveñan o articulado do Regulamento e non teñan a consideración de graves ou moi graves.
- c) Accións ou omisións das que se deriven danos ou perdas para a integridade das instalacións e o funcionamento do servizo de abastecemento municipal de auga, por valor inferior a cincocentos euros (500 €).

38.2 Considéranse infraccións graves:

- a) Manipular as chaves de paso que afecten á subministración pública, sen causa algunha xustificada, estean ou non precintadas.
- b) Obstaculizar as accións inspectoras, de mantemento ou reparación impedindo dificultando ou restrinxindo o acceso ás instalacións ou ben ameazando ou intimidando ao persoal que teña encomendada esa tarefa.
- c) Todas as actuacións consideradas fraudes segundo o disposto no artigo 37
- d) A non substitución de contadores avariados no prazo máximo de 30 días dende a comunicación da avaría.
- e) A imposibilidade de realizar a lectura dos contadores durante tres bimestres consecutivos ou catro alternos no período dun ano por causas imputables á propiedade.
- f) Calquera acción ou omisión das que se deriven danos ou perdas para a integridade das instalacións e o funcionamento do servizo de abastecemento municipal de auga, por valor entre cincocentos (500) e mil cincocentos euros (1.500 €).
- g) A comisión de dúas infraccións leves nun período igual ou inferior a dous anos.

38.3 Serán infraccións moi graves as seguintes:

- a) As definidas como leves ou graves nos artigos anteriores cando teñan posto en risco ou afecten á saúde das persoas, os recursos naturais ou o medio ambiente.
- b) A revenda de auga procedente da subministración pública a terceiras persoas.
- c) A reiteración de cando menos dúas infraccións cualificadas como graves nun período de tres anos.
- d) Accións ou omisións das que se deriven danos ou perdas para a integridade das instalacións e o funcionamento do servizo de abastecemento municipal de auga, por valor superior a mil cincocentos euros (1.500 €).

ARTIGO 39. SANCIÓNS

39.1. Clasificación das sancións

- Leves: ata 750 euros
- Graves: de 751 a 2.000 euros
- Moi graves: de 2.001 a 5.000 euros

39.2. Gradación das sancións

Na determinación das sancións correspondentes, garantirase a adecuación debida entre a gravidade do feito constitutivo de infracción e a sanción aplicada. Consideraranse especialmente os seguintes criterios:

- a) A existencia de intencionalidade ou reiteración, así como o grado de participación nos feitos do infractor e o beneficio obtido da infracción administrativa por este motivo.
- b) A natureza dos prexuízos causados, atendendo á gravidade do dano derivado da infracción, á alteración causada e ao grado de afectación que dita infracción vaia ter na saúde e seguridade das persoas.

c) A reincidencia, por comisión, no prazo establecido en cada caso, de máis dunha infracción da mesma natureza, si foi declarada por firme resolución na vía administrativa.

39.3 Concorrencia de sancións

1. Se a comisión dunha das infraccións administrativas previstas neste Regulamento derivase necesariamente á comisión doutra ou outras, imponse unicamente a sanción máis elevada de todas as que sexan susceptibles de aplicación. Aquelas infraccións que aparellen a comisión dun fraude dos regulados no artigo 37 darán lugar, en todo caso, á liquidación do mesmo, que será compatible e acumulable á imposición da correspondente sanción.

2. En ningún caso poden sancionarse feitos que estean previamente no ámbito penal ou administrativo naqueles supostos en que se aprecie a identidade do suxeito, dos feitos e dos fundamentos da sanción imposta. Existirá identidade de fundamento cando sexan os mesmos intereses públicos protexidos polos réximes sancionadores concorrentes.

3. Se durante a tramitación do procedemento sancionador apréciase a posible cualificación dos feitos como constitutivos dun delito ou falta de estafa, apropiación indebida ou fraude no abastecemento, segundo a regulación contida no Código Penal, procederase, de acordo coa lexislación vixente, a pasar a parte de culpa ao Ministerio Fiscal, suspendendo o procedemento administrativo unha vez a autoridade xudicial incoe o proceso penal que corresponda.

39.4. Reparación do dano

A imposición das sancións é independente da obrigaón esixible en calquera momento á persoa responsable da infracción da reposición da situación alterada no seu estado orixinario, así como coa indemnización polos danos e prexuízos causados nas instalacións municipais, obras anexas, ou calquera outro ben do patrimonio municipal que resulte afectado. A reposición e reparación executarase pola Administración ou a prestadora do servizo a cargo do responsable da infracción.

ARTIGO 40. PROCEDEMENTO SANCIONADOR

O procedemento sancionador, suxeitarase ao previsto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei 40/2015, de 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.

O prazo máximo para resolver e notificar a resolución expresa será de 9 meses

A resolución que poña fin ao procedemento sancionador identificará ás persoas responsables dos feitos, coa imposición das sancións individualizadas que procedan.

Son responsables das infraccións administrativas as persoas responsables obrigadas segundo o disposto nesta ordenanza.

Todas as multas e indemnizacións consignadas nos artigos precedentes faranse efectivas no prazo de quince días, transcorrido o cal suspenderase o servizo inmediatamente e procederase de oficio contra as persoas morosas. A rehabilitación do servizo levará consigo o pago de novos dereitos de acometida.

ARTIGO 41. POTESTADE SANCIONADORA

Será órgano competente para incoar e resolver procedementos sancionadores e para a adopción das medidas provisionais correspondentes, a alcaldía ou o órgano en quen aquela delegue.

ARTIGO 42. RECLAMACIÓNS

Todas as reclamacións que se pretendan facer relacionadas con este servizo, deberán facerse por escrito e aportar as probas que se consideren oportunas, debendo ter abonados todos os recibos, salvo aqueles contra os que se formule reclamación, en outro caso no serán admitidas.

A reclamación contra o pago dalgún recibo só poderá referirse a erros reflexados no mesmo. Para resolver estas reclamacións queda facultada a Alcaldía, quen resolverá por Decreto, previas as correspondentes averiguacións.

TÍTULO IX

DA ORDENANZA

ARTIGO 43. OBLIGATORIEDADE DO SEU CUMPRIMENTO.

As persoas físicas e/ou xurídicas usuarias e o Concello de Barreiros estarán obrigados a cumprir todas as cláusulas e condicións da presente ordenanza.

ARTIGO 44. MODIFICACIÓNS.

O Concello poderá en todo momento modificar de oficio esta Ordenanza cos mesmos trámites que para a súa aprobación.

As novas disposicións serán aplicables, sen excepción, a todas as persoas usuarias.

ARTIGO 45. INTERPRETACIÓN.

Os incidentes a que poda dar lugar a aplicación da presente ordenanza serán interpretados polo Concello.

DISPOSICIÓN DEROGATORIA

Queda derrogada toda normativa reguladora da subministración de auga aprobada con anterioridade á presente, agás a de carácter fiscal.

DISPOSICIÓN FINAL

A vixencia da presente Ordenanza iniciárase ao día seguinte de publicarse o seu texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia, e transcorridos os prazos sinalados nos artigos 65.2 e 70.2 da LBRL, e seguirá en vigor en canto non se acorde a súa modificación ou derogación.”

“REGULAMENTO DE USO E FUNCIONAMENTO DO XIMNASIO MUNICIPAL DE BARREIROS**CAPÍTULO 1.- DISPOSICIÓN XERAIS.****• Artigo 1. Obxecto do regulamento.**

O presente regulamento ten por obxecto a regulación do uso e funcionamento do ximnasio deportivo municipal, instalación deportiva que se pon a disposición das persoas usuarias en virtude da promoción da súa saúde e benestar, e cuxa titularidade e xestión ostenta a Concello de Barreiros.

• Artigo 2. Instalación deportiva municipal.

O ximnasio municipal, ben de dominio público destinado ao servizo público, sita na Rúa da praia nº 20, 27790 (San Cosme), Barreiros, Lugo, e alberga unha sala de adestramento dotada con equipamentos cardiovasculares, musculares e materiais propios para a práctica da actividade física.

• Artigo 3. Persoas usuarias.

3.1. Enténdese por persoas usuarias a efectos do presente regulamento, todas as persoas físicas que fagan uso da instalación en virtude da solicitude de inscrición presentada a través das canles habilitadas ao efecto, e que de forma anticipada teñan aboada a taxa correspondente, de acordo coas tarifas establecidas na Ordenanza fiscal aplicable.

3.2. Terán a consideración de persoas usuarias aquelas persoas maiores de 18 anos.

3.3. En ningún caso, terá consideración de persoa usuaria as persoas menores de 18 anos.

• Artigo 4. Acceso e control.

4.1. Ao ximnasio poderán acceder as persoas usuarias que cumpran tal condición.

4.2. A inscrición e a baixa no servizo do ximnasio farase mediante o procedemento que se determine por resolución de alcaldía ou acordo da xunta de goberno local para así facilitar a súa operatividade, e ao cal se lle dará a publicidade correspondente.

4.3. O acceso require da firma previa dunha declaración responsable do seu uso que supón a aceptación das normas contidas neste regulamento por parte das persoas usuarias.

4.4. As persoas usuarias accederán ao interior do ximnasio municipal a través dun sistema de control de acceso electrónico ante o cal terán que verificar a súa identidade facendo uso das credenciais ou dispositivos persoais, e intransferibles, que lles foron facilitados coa alta no servizo do ximnasio. Identificada a persoa, o sistema facilitará o acceso ao interior da instalación soamente polos períodos de tempo correspondentes ao tipo de abono efectuado previamente por dita persoa.

4.4. O persoal responsable da instalación, ante a sospeita da veracidade da identidade dalgunha das persoas que estean facendo uso da instalación, poderá esixirlle a exhibición dos documentos de identificación precisos para comprobar se a súa identidade corresponde coa verificación rexistrada no sistema de acceso.

4.5. Cando a persoa usuaria presente ante ao Concello a súa solicitude de baixa no servizo, as credenciais e/ou dispositivos facilitados quedarán inactivo ao seu efecto, e no seu caso, terán que ser entregados nas dependencias do Concello ou ao persoal responsable do ximnasio no prazo de 10 días naturais.

4.6. A determinación do horario de apertura e peche, igualmente por razóns de operatividade, farase por resolución de alcaldía ou acordo da xunta de goberno local, o cal se lle dará a publicidade correspondente.

4.7. As instalacións permanecerá pechadas nas festividades declaradas a nivel local, autonómico e estatal. Por razóns xustificadas e con previo aviso, a Alcaldía poderá modificar, ampliar ou reducir o horario, así como proceder ó cerre da instalación sen dereito a ningunha indemnización, salvo que o cerre supere o prazo dun mes.

4.8. As instalacións contarán con cámaras de vixilancia nos accesos que cumpriran coa normativa de protección de datos vixentes, estarán identificadas para os usuarios da instalación e empregaranse para comprobar o cumprimento do presente regulamento.

CAPITULO 2.- DEREITOS E OBRIGAS.**• Artigo 5. Dereitos e obrigas das persoas usuarias.****1. Son dereitos das persoas usuarias:**

- a. Ser tratadas con respecto e deferencia polo persoal municipal encargado do ximnasio quen haberá de facilitarlle o exercicio aos seus dereitos e o cumprimento das súas obrigas.
- b. Dispor da instalación e do equipamento deportivo en perfectas condicións.
- c. Facer uso da instalación nos días e no horario autorizado e sinalado na solicitude de inscrición, se ben, o Concello por necesidades de programación ou forza maior, poderá anular ou variar as condicións de solicitude establecidas, comunicando as circunstancias aos afectados con tempo suficiente.
- d. A que se lle faciliten as credenciais e/ou dispositivos electrónicos para o acceso durante o período que ten aboado, facendo uso non fraudulento das mesmas xa que o incumprimento desta obriga dará lugar á imposición das sancións previstas neste regulamento.
- e. Ser asistidas no uso dos dispositivos electrónicos en relación ao sistema de acceso do ximnasio.
- f. Ter a disposición o presente regulamento para posibles consultas.
- g. Presentar por escrito queixas, suxestións ou reclamacións que consideren oportunas ante o Concello, segundo proceder.
- h. Renunciar á condición de persoa usuaria, segundo proceder.
- i. Calquera outro que se recoñezan na Constitución e nas leis.

2. Son obrigas das persoas usuarias:

- a. Presentar ante o sistema de control de acceso as credencias e/ou dispositivos persoais de persoas usuaria. Estas non poderán ser cedidas a outras persoas usuarias ou terceiros non autorizados para a súa entrada, xa que son persoais e intransferibles.
- b. Devolver, no seu caso, o dispositivo de acceso no prazo de 10 días naturais dende a comunicación da baixa, momento no cal quedará inhabilitado para o acceso.
- c. Aboar os prezos vixentes correspondentes para poder acceder á instalación.
- d. Non facer uso da instalación deportiva en beneficio propio.
- e. Acceder á instalación con roupa e con calzado limpo.
- f. Non fumar e de non consumir ou estar baixo os efectos de sustancias estupefacientes, anabolizantes ou alcohol durante a súa presenza na instalación.
- g. Non consumir alimentos nin facer uso de envases ou botellas de vidro dentro da instalación.
- h. Velar polo bo estado de conservación da instalación e do servizo, impedindo ou denunciando todo acto que haxa en deterioro das mesmas e advertindo á área de Deportes ou persoal responsable cando observen anomalías na instalación ou no material da mesma.
- i. Gardar o debido respecto ás demais persoas usuarias e ó persoal da instalación, así como atender en todo momento as indicacións do persoal do ximnasio se tivera presenza, cuxo cometido é supervisar toda a actividade que se desenvolva na instalación. No caso de dúbida, consultar co persoal responsable.
- j. Non gravar imaxes ou vídeo a ningunha das actividades realizadas na instalación deportiva, agás autorización expresa dos titulares dos dereitos de imaxe e do Concello.
- k. Non correr polos corredoiros, non gritar e, en xeral, non xerar actividades que poidas crear un malestar ao resto das persoas usuarias e persoal responsable.
- l. De ter lugar, aínda de forma accidental, un deterioro extraordinario ou un dano grave na instalación ou no equipamento deportivo, a persoa usuaria, sen prexuízo do pago da taxa correspondente polo uso da instalación, está obrigada ao reintegro do custo total dos gastos de reconstrución ou reparación. Se os danos fosen irreparables a persoa usuaria indemnizará ao Concello en contía igual ao valor dos bens destruídos ou ao importes do deterioro dos danos, segundo valoración realizada polas persoas técnicas municipais.

NA SALA DE ADESTRAMENTO

- m. Acceder e facer uso da sala de adestramento con roupa e calzado deportivo, limpo e axeitado á práctica deportiva, tendo prohibido o uso de calzado usado na rúa, sandalias de goma e calzado con taco ou calquera outro material que poda deteriorar o pavimento da sala de adestramento; e adestrar co torno espido.
- n. Non acceder á sala de adestramento con mochilas ou bolsas, estas deberán quedar nos vestiarios.

- o. Facer uso dunha toalla entre o corpo e a maquinaria, os colchóns ou equipamento de adestramento funcional, debendo limpar o suor ou humidade xerada no aparato ou material despois do seu uso.
- p. Facer uso correcto das máquinas e do material, no caso de dúbida consultar co persoas técnico se o houbera na instalación.
- q. Non mover de lugar as máquinas dispostas na sala, agás bancos ou calquera outro material pequeno e móbil.
- r. Recoller e colocar no seu posto habilitado o material deportivo do que se fixo uso.
- s. Deixar as barras descargadas despois do seu uso, sen pesos e sen cerres de seguridade.
- t. Respectar as indicacións de uso sinaladas na maquinaria e/ou material, e no caso de presenza de persoal responsable da instalación o emprego das máquinas, a orde e o tempo de exercicio nas mesmas estará condicionado ó quen este indique, en función do número de persoas usuarias, así como das características e condicións de cada persoas usuaria.
- u. Facer uso dunha máquina e/ou material á vez, non podendo reservar unha máquina mentres se fai uso doutra.
- v. Agardar o tempo de descanso entre series fora das máquinas, mentres outras persoas usuarias podan facer uso da mesma mentres transcorre dito descanso.
- w. Non emitir sons ou música por equipos de son propios.
- x. Non facer uso da sala de adestramento en concepto de visita ou faladoiro.

NOS VESTIARIOS

- y. Colaborar en manter os vestiarios en correctas condicións hixiénicas para o seu uso.
- z. Facer uso obrigado de chanclas de goma dentro dos vestiarios.
- aa. Facer uso exclusivo dos armarios dos vestiarios durante o tempo de permanencia na instalación xa que estes serán baleirados a diario tralo peche da instalación, e das pertenzas abandonadas neles non se fará responsable o Concello.
- bb. Non sacar da instalación a chave dos armarios do vestiario, en ningún caso.
- cc. Non afeitarse, depilarse, tinxirse, cortar uñas ou outras accións de hixiene persoal similares dentro dos vestiarios.
- dd. O vestiario adaptado será de uso exclusivo para persoas con mobilidade reducida.

• Artigo 6. Dereitos e obrigas do persoal técnico.

1. Son dereitos das persoas técnicas:

- a. Ser tratadas con respecto e deferencia polas persoas usuarias do ximnasio.
- b. Acceder á instalación e facer uso dela en calidade de persoal da área de deportes do Concello, responsable da instalación durante a súa xornada laboral.
- c. A que se lle facilite as credenciais e/ou dispositivos electrónicos activos para o acceso para o exercicio das súas funcións.
- d. Dispor dunha instalación e equipamento en perfectas condicións para o desenvolvemento das súas obrigas.
- e. Ser dotadas de roupa de traballo, cunha identificación visible e axeitada ao traballo a desenvolver.
- f. Ter a disposición o presente regulamento para posibles consultas.
- g. Calquera outro que se recoñezan na Constitución e nas leis.

2. Son obrigas das persoas técnicas.

- a. Gardar o debido respecto ás persoas usuarias da instalación así como ás persoas traballadoras da instalación.
- b. Acceder á instalación con roupa e con calzado limpo e axeitado, tendo prohibido o acceso en sandalias de goma e bañadores.
- c. Velar polo bo estado e conservación da instalación e do servizo, impedindo ou denunciando todo acto que haxa en deterioro das mesmas e advertindo área de deportes do Concello cando observen anomalías na instalación ou no material da mesma.
- d. Colaborar na recollida e colocación do equipamento deportivo que foi usado no seu posto habilitado.

- e. Comunicar á área de deportes do Concello calquera deterioro ou dano que se produza ou observe na instalación e/ou no equipamento deportivo da propia instalación.
- f. Non facer uso lucrativo da instalación.
- g. Controlar o acceso das persoas usuarias da instalación. No caso de sospeita sobre a identidade dalgunha persoa que estea facendo uso da instalación ou do impago do abono, requirir á persoa interesada a exhibición dos documentos de identificación precisos para comprobar se cumpre coa condición de persoas usuarias, se accedeu de forma fraudulenta e/ou se está ao corrente do pago das taxas vixente correspondentes.
- h. Xestionar o funcionamento da sala atendendo todas as consultas xeradas polas persoas usuarias.
- i. Asesorar ás persoas usuarias no inicio á actividade física, no uso correcto da maquinaria e materiais, e supervisar a execución dos exercicios explicando os seus efectos sobre o corpo corrixindo posturas.
- j. A asistir como primeiro interviniente no caso de accidente ou situación de emerxencia.
- k. Non facerse responsable das pertenzas persoais das persoas usuarias.
- l. Non fumar e de non consumir ou estar baixo os efectos de sustancias estupefacientes, anabolizantes ou alcohol durante a súa presenza na instalación.
- m. Non consumir alimentos nin facer uso de envases ou botellas de vidro dentro da instalación.
- n. Non facer uso da instalación en concepto de visita ou faladoiro con outras persoas.
- o. Non correr polos corredoiros, non gritar e, en xeral, non xerar actividades que poidas crear un malestar ao resto das persoas usuarias e persoal da instalación.
- p. Non gravar imaxes ou vídeo a ningunha das actividades realizadas na instalación deportiva e a ningunha persoa usuaria, agás autorización expresa dos titulares dos dereitos de imaxe e do Concello.
- q. De ter lugar, aínda de forma accidental, un deterioro extraordinario ou un dano grave na instalación ou no equipamento deportivo, a persoa técnica está obrigada ao reintegro do custo total dos gastos de reconstrución ou reparación. Se os danos fosen irreparables indemnizará ao Concello en contía igual ao valor dos bens destruídos ou ao importe do deterioro dos danos, segundo valoración realizada polas persoas técnicas municipais.

• **Artigo 7. Responsabilidades do Concello.**

- 1. O Concello, en ningún caso, se fai responsable dos danos ou lesións derivadas polo uso inadecuado do equipamento deportivo e instalación.
- 2. O Concello non se responsabilizará das pertenzas persoais que as persoas usuarias porten á instalación, nin tampouco dos obxectos perdidos, abandonados, ou subtraídos na instalación mesmo dos depositados nos armarios que se baleirarán a diario tralo peche da instalación.
- 3. O concello non garante a presenza de persoal técnico polo que a utilización do mesmo será baixo a responsabilidade propia de cada persoa usuaria.
- 4. O Concello reservase o dereito a cerrar temporalmente a instalación por razóns xustificadas e con aviso previo ás persoas usuarias.
- 5. O Concello reservase o dereito de organizar sesións de actividades deportivas guiadas por persoal cualificado na instalación, facendo público o seu horario.
- 6. O concello reservase o dereito a ceder o uso puntual das instalacións a entidades deportivas locais, con aviso previo ás persoas usuarias.

• **Artigo 8. Perda da condición de persoa usuaria.**

8.1. O incumprimento das obrigas que se derivan da condición de persoa usuaria, así como os danos que se puideran ocasionar na instalación e/ou no equipamento do que está dotado o ximnasio, levará consigo a perda de tal condición, de acordo cos criterios recollidos no capítulo 3 infraccións e sancións.

8.2. Cando se perda a condición de persoa usuaria e se realice unha nova solicitude de inscrición como persoa usuaria da instalación será requisito necesario o pago das débedas pendentes co servizo de uso do ximnasio.

CAPITULO 3.- REXIME SANCIONADOR: INFRACCIÓNS E SANCIÓN.

• **Artigo 9. Infraccións.**

Considerase unha infracción, tipificada como falta leve ou grave, o incumprimento total ou parcial das obrigas establecidas na presente ordenanza.

- **Artigo 10. Faltas leves.**

Consideraranse como faltas leves as seguintes condutas:

- a) A desobediencia das instrucións e advertencias que o persoal da instalación determine co fin de cumprir este regulamento ou as normas sobre a utilización do ximnasio, en especial o artigo referentes as obrigas das persoas usuarias.
- b) As accións que causen danos leves na instalación ou no equipamento causados por descoido.
- c) Non facer entrega dos dispositivos electrónicos de acceso no prazo de 10 días naturais dende a comunicación da baixa.

- **Artigo 11. Faltas graves.**

Consideraranse como faltas graves as seguintes condutas:

- a) A falta de respecto cara o persoal da instalación ou demais persoas usuarias, así como dar orixe a accidentes graves así mesmo ou a terceiros, de forma imprudente ou por negligencia.
- b) As accións ou omisións que impliquen deterioración grave da instalación ou equipamento.
- c) Furtar ou roubar equipamento da instalación ou pertenzas persoais doutras persoas usuarias.
- d) O uso fraudulento de documentos para o acceso á instalación ou a cesión destes documentos a terceiros non autorizados.
- e) Fumar, comer ou consumir sustancias estupefacientes, anabolizantes ou alcohol dentro da instalación, así como acceder baixo os efectos de tales sustancias.
- f) A reiteración de faltas leves.

- **Artigo 12. Sancións.**

1. Os incumprimentos tipificados como faltas leves corrixiñanse nun primeiro momento co apercibimento por escrito, e de non desistir coa perda da condición de usuario por un período de 30 días.
2. Os incumprimentos tipificados como faltas graves corrixiñanse coa perda da condición de usuario por un período comprendido entre 60 días e 2 anos, así mesmo poderá requirirse a reposición do dano causado. O concello será o encargado de tramitar o correspondente procedemento sancionador de acordo coa lexislación vixente, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.
3. O autor de danos, roturas ou deterioracións aos elementos da instalación deportiva ou equipamento deportivo deberá aboar o importe que corresponda con independencia das sancións administrativas que se impoñan.

- **Disposición final primeira.**

O presente Regulamento entrará en vigor unha vez publicado integramente no Boletín Oficial da Provincia e transcorrido o prazo a que se refire o artigo 70.2 en relación co 65.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

- **Disposición final segunda.**

Para o non previsto neste Regulamento será de aplicación o establecido na Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Disposición derogatoria.

Este Regulamento substitúe e deixa sin efecto calquera outra normativa municipal previa que regule este servizo."

"ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO PRECIO PUBLICO POLA PRESTACION DO SEVIZO DO XIMNASIO MUNICIPAL

ARTIGO 1. FUNDAMENTO XURÍDICO E OBXECTO.

En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, o Concello da Barreiros establece **o prezo público pola prestación do ximnasio municipal** ao que se refire os artigos 41 a 47 do propio real decreto lexislativo, que se rexerá pola presente ordenanza fiscal, e cuxas normas atenden ao previsto no artigo 127 do citado real decreto lexislativo.

ARTIGO 2. FEITO IMPOÑIBLE.

1. Constitúe o feito imponible desta taxa a prestación do servizo do ximnasio municipal para a realización de actividade física na propia instalación deportiva.

2. Aos efectos da delimitación do feito imponible do presente prezo público, a utilización do ximnasio municipal comprenderá só as actividades físicas. Polo tanto, considérase actividade física o exercicio físico desenvolvido co obxectivo de mellorar a condición física e de favorecer o desenvolvemento integral das persoas.

3. Non están suxeitas ao pago as actividades organizadas polo Concello de Barreiros, tanto directa como indirectamente a través de contratistas.

ARTIGO 3. OBRIGADOS TRIBUTARIOS.

1. Son obrigados tributarios, en concepto de contribuíntes, as persoas físicas ou xurídicas que se refire o artigo 35.4 da Lei xeral tributaria, quen soliciten facer uso do ximnasio municipal.

2. Non se terá beneficio do servizo en tanto non se satisfaga a contía do prezo público establecido nesta Ordenanza fiscal.

ARTIGO 4. BASE IMPOÑIBLE.

1. A determinación da contía do prezo público que hai que pagar realizarase mediante o sistema de cota fixa atendendo as tarifas recollidas no artigo 5.

2. Nos casos en que así se determine, aplicárase unha redución na contía relativa ás bonificacións.

ARTIGO 5. TARIFAS

1.- Persoas empadroadas en Barreiros:

a) Entrada diaria individual: 5 €

b) Abono individual:

a. Abono mensual: 20 €

b. Abono anual: 200 €

c) Abono familiar:

a. Abono mensual: 40 €

b. Abono anual: 400 €

2.- Persoas non empadroadas en Barreiros:

a) Entrada diaria individual: 10 €

b) Abono individual:

a. Abono mensual: 60€

b. Abono anual: 600 €

c) Abono familiar:

a. Abono mensual: 90 €

b. Abono anual: 900 €

3.- Por emisión de chaveiro adicional en caso de perda: 5 €

O dereito á aplicación das tarifas dos conceptos anteriores: “persoa empadroada” e “abonos familiares” deberá ser solicitado con carácter previo acreditándoo mediante a presentación da documentación oficial correspondente á circunstancia:

a. Persoa empadroada: Certificado de empadramento expedido polo Concello de Barreiros.

b. Abono Familiar: Certificado de convivencia expedido polo concello no que residan. Esta tarifa será aplicada a todas as persoas pertencentes á unidade familiar maiores de idade. Enténdese por unidade familiar a integrada polos cónxuxes ou persoas vinculadas por unión de feito recoñecida e inscrita no rexistro oficial correspondente, así como fillas e fillos convivintes.

ARTIGO 6. XERACIÓN DO PREZO PUBLICO.

1. Xéranse os prezos públicos e nace a obriga de contribuír dende que se solicita a prestación do servizo regulado nesta Ordenanza, con independencia de que a persoa obrigada faga uso ou non do mesmo.

ARTIGO 7. BONIFICACIÓNS.

1. Poderán obter unha redución nas tarifas de “**abonos individuais**”, as persoas que cumpran algún dos seguintes requisitos:

a. Persoas paradas sen prestación redución dun 75%.

- b. Persoas paradas con prestación redución dun 50%.
- c. Persoas con discapacidade redución dun 50%.
- d. Persoas xubiladas e pensionistas redución dun 25%.
- e. Estudantes redución dun 25%.

2. Quen reúna os requisitos anteriores, deberá solicitar a redución con carácter previo á inscrición, acreditando o seu dereito mediante a presentación da documentación oficial expedida pola Administración competente.

3. O dereito á bonificación será revisable trimestralmente mentres a persoa estea inscrita no servizo, tendo que acreditalo mediante a presentación da documentación oficial expedida pola Administración competente, agás nos casos de persoas xubiladas e pensionistas e persoas con discapacidade.

4. As bonificacións non serán acumulables, aplicarase a redución de maior valor solicitada.

5. Calquera cambio nas circunstancias que deran lugar á bonificación, deberá ser comunicado no prazo máximo de dez días hábiles. En caso contrario, poderá dar lugar á perda da aplicación da bonificación.

ARTIGO 8. NORMAS DE XESTIÓN.

1. O pago dos dereitos esixirase no momento de efectuarse a inscrición e a súa recadación realizarase mediante a emisión dun recibo que servirá como xustificante de pago. O ingreso poderá efectuarse mediante o abono nas entidades bancarias colaboradoras co Concello de Barreiros ou con tarxeta bancaria. En ningún caso se admitirán pagos en efectivo.

2. Os prezos correspondentes aos abonos mensuais serán obxecto dun primeiro pago proporcional do 50% se se efectúa a inscrición con posterioridade ao día 14 do mes.

3. Iniciada a prestación do servizo, as contías a ingresar en concepto de cotas mensuais faranse efectivas entre o día 1 e 7 de cada mes, a través de domiciliación bancaria, que deberá ser autorizada pola persoa interesada no momento da inscrición. No momento en que se solicite a baixa do servizo levarase a cabo a cancelación de dita domiciliación.

4. As solicitudes de baixa produzan efectos ao inicio do mes natural seguinte á súa presentación.

5. As taxas correspondentes a “entrada diaria”, “abonos anuais” e “emisión de chaveiro adicional en caso de perda” serán obxecto de pago único.

6. No caso de “abonos anuais” poderá ser obxecto de dous pagos, un pago do 50% no momento de efectuarse a inscrición e o resto domiciliarse para o seu cargo a finais do cuarto mes seguinte ó da presentación da solicitude. En caso de que se solicite a baixa antes de 90 días, non se remitirá o recibo do segundo pago.

ARTIGO 9. DEVOLUCIÓNS.

1. As devolucións que procedan por falta de prestación do servizo debido a causa non imputable ao obrigado ao pago, tramitaranse polo procedemento que rexe o reintegro de pagos indebidos.

2. En ningún caso se realizarán devolucións parciais de abonos mensuais por solicitudes de baixa no mesmo mes.

ARTIGO 10. INFRACCIÓNS E SANCIONS TRIBUTARIAS.

Para a cualificación das infraccións tributarias, así como das sancións que a elas corresponden en cada caso, estarase ao disposto nos artigos 178 e seguintes da Lei xeral tributaria e na Ordenanza de regulamento de uso do ximnasio municipal.

Disposición final.

O presente Regulamento entrará en vigor unha vez publicado integramente no Boletín Oficial da Provincia e transcorrido o prazo a que se refire o artigo 70.2 en relación co 65.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

Disposición derogatoria.

Esta Ordenanza substitúe e deixa sin efecto calquera outra normativa municipal previa que regulase esta materia.”

“MODIFICACIÓN DA ORDENANZA POLA QUE SE APROBA A CREACIÓN E SUPRESIÓN DE FICHEIROS DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL DO CONCELLO DE BARREIROS.

O 9 de decembro de 2016 publicouse no BOP de Lugo a Ordenanza pola que se aproba a creación e supersión de ficheiros de datos de carácter persoal do concello de Barreiros.

Agora, con motivo da posta en marcha do servizo de ximnasio municipal, é preciso facer unha modificación da mesma para incluír este novo ficheiro e modificar o de videovixilancia, xa que os accesos do ximnasio van contar con cámaras de vixilancia.

As modificacións a incluír son no Anexo I e serían as seguintes:

“17) FICHEIRO: VIDEOVIXIANCIA

Descrición: Ficheiro de datos persoais de todas aquelas persoas físicas que acoden ao interior do Concello e do Ximnasio municipal, captadas por imaxes a través de cámaras de seguridade. Sistema de video vixilancia para garantir a seguridade tanto das instalacións e edificios municipais como das persoas que traballan e acceden aos mesmos.

O ficheiro sométese á Instrución 1/2006, de 8 de novembro, da Axencia Española de Protección de Datos, sobre o tratamento de datos persoais con fins de vixilancia a través de sistemas de seguridade.

Órgano responsable do ficheiro: Concello de Barreiros.

Finalidade: A prevención de actos delituosos e danos ás persoas e patrimonio do Concello.

Colectivos afectados: Cidadáns, empregados públicos, Autoridades e outras persoas que accedan ao Edificio do Concello.

Procedemento de recolleita de datos: Imaxes captadas por sistemas de videovixilancia.

Estrutura básica do fichero: Imaxe/Voz. Sistema de tratamento automatizado.

Domicilio: C/ Vila, nº63 e Rua da Praia 20, C.P.27790, Barreiros, Lugo

Sistema: Sistema operativo, servidor, motor de bases de datos e listado (ou referencia do sitio onde se atopa) de persoas que acceden a este fichero.

Nivel: Baixo

CONCESIÓNS DE DATOS: Están previstas comunicacións coas finalidades do fichero compatibles coas establecidas para o fichero a: Órganos xudiciais e Corpos de Seguridade.

Servizo onde poden exercitarse os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición: Oficina de Atención Cidadá do Concello.

Transferencias internacionais: Non se realizan.

28) FICHEIRO: XIMNASIO MUNICIPAL

Descrición: Ficheiro de datos de carácter persoal. Xestión, organización e desenvolvemento do servizo de ximnasio municipal

Órgano responsable do ficheiro: Concello de Barreiros.

Finalidade: Xestión de persoas solicitantes e beneficiarias do servizo de ximnasio municipal.

Colectivos afectados: Persoas físicas que soliciten a alta neste servizo.

Procedemento de recolleita de datos: A través de formularios cumprimentados pola propia persoa interesada, a súa representante legal, persoal funcionario e outra información aportada por diversos medios.

Estrutura básica do ficheiro: Datos de carácter identificativo. DNI/NIF, Nome e Apelidos, Domicilio, Idade, Teléfono, Correo electrónico e Imaxe/Voz.

Datos de saúde (Información necesaria para a realización de certas actividades que poden supoñer un risco para as persoas beneficiarias).

Domicilio: Rua da Praia 20, C.P.27790, Barreiros, Lugo.

Sistema: Mixto.

Nivel: Alto.

CONCESIÓNS DE DATOS: Non se prevén.

Servizo onde poden exercitarse os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición: Oficina de Atención Cidadá do Concello.

Transferencias internacionais: Non se realizan.”

Barreiros, 27 de maio de 2025.- A Alcaldesa, Ana Belén Ermida Igrexas.

CARBALLEDO*Anuncio***DELEGACION DAS FUNCIÓNS DE ALCALDIA.**

Expte. 99/2025 Por resolución de alcaldía nº 2025-0169 de data 10/04/2025 delegáronse as funcións de alcaldía na primeira Tenente de Alcalde, dona Sandra Fernández Vázquez, por ausencia do Sr. Alcalde. O que se publica de acordo co previsto no artigo 44.2 do RD 2568/1896, de 28 de novembro.

Carballedo, 3 de maio de 2025.- O Alcalde, Julio M. Yebra-Pimentel Blanco.

R. 1410

CASTROVERDE*Anuncio***PROCEDIMENTO DE SELECCIÓN PARA A PROVISIÓN DE UN POSTO DE PEON-CONDUTOR DO CONCELLO DE CASTROVERDE, NO MARCO DO PROGRAMA DE FOMENTO DE EMPREGO 2025, FINANCIADO POLA EXCELENTISIMA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO.**

Por Resolución de data 27 de maio do 2025, aprobáronse as bases da convocatoria indicada.

As persoas aspirantes que desexen tomar parte no proceso selectivo deberán facelo constar mediante solicitude, dirixida ao Sr. Alcalde - Presidente do Concello de Castroverde con arreglo ao modelo que figura nas bases.

A presentación das solicitudes farase no rexistro de documentos do Concello de Castroverde ou en calquera dos restantes lugares previstos no artigo 16 da lei 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común, no prazo de **CINCO (5) días hábiles** a contar dende o día seguinte da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

As bases poden ser consultadas na web municipal (<https://concellodecastroverde.gal>)_no taboleiro de anuncios do Concello de Castroverde e na páxina web da Excelentísima Deputación de Lugo

Castroverde, 27 de maio de 2025.- O Alcalde, Xosé María Arias Fernández.

R. 1411

LUGO*Anuncio***NOMEAMENTO DE DOUS MEMBROS DO TRIBUNAL ECONÓMICO ADMINISTRATIVO DO CONCELLO DE LUGO (2025/G001/005204)**

De conformidade co disposto no Decreto número 4936/2025, do 20 de maio, procédese á publicación deste anuncio para a presentación de solicitudes de participación xunto co currículo vitae, no prazo de QUINCE DÍAS HÁBILES, a contar dende o día seguinte ao desta publicación, para o nomeamento de dous membros do Tribunal Económico Administrativo do Concello de Lugo.

As persoas participantes deberán cumprir os requisitos establecidos no artigo 5.1 do Regulamento Orgánico do referido Tribunal:

- a) Estar en posesión dos títulos universitarios de doutor ou licenciado en dereito, economía, dirección e administración de empresas.
- b) Ser, ou ter sido, funcionario de Administración local con habilitación estatal, pertencentes ás categorías superior ou de entrada, ou ben funcionario de carreira do Estado, das comunidades autónomas ou das entidades locais, pertencentes ao grupo A1.

Excepcionalmente, o Pleno poderá nomear, de forma motivada, a quen sexa ou teña sido funcionario de carreira do Estado, das comunidades autónomas ou das entidades locais, pertencentes ao grupo A2.

Así mesmo, posibilitase de forma excepcional que o Pleno, de forma motivada, poida nomear a persoa que non reúna a condición de funcionario, de acordo con criterios de competencia profesional e experiencia no desempeño de postos de responsabilidade na xestión pública ou privada.

- c) Acreditar unha recoñecida competencia técnica en materia tributaria.

** Para xeral coñecemento o texto do mencionado regulamento poden atopalo no BOP número 151 do venres, 3 de xullo de 2020.*

Lugo, 21 de maio de 2025.- A tenenta de alcalde delegada da Área de Cohesión Territorial, dona Ana María González Abelleira.

R. 1397

MONFORTE DE LEMOS

Anuncio

APROBACION PADRÓN PREZO PUBLICO CONSERVATORIO 2º TRIMESTRE CURSO 2024-2025

Por Xunta de Goberno Local do día 12.05.2025 aprobouse o Padrón do Prezo Público Conservatorio segundo trimestre curso 2024-2025.

De acordo co disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Lei xeral tributaria, notificanse colectivamente os recibos derivados deste padrón

De conformidade coa Ordenanza Xeral de ingresos municipais de dereito público, expóranse ao público nun prazo de 20 días, contados a partir do primeiro día do período de pago en voluntaria deste padrón, para que se poidan presentar as reclamacións pertinentes.

De acordo co artigo 14.2 c) do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei das facendas locais, contra o acordo de aprobación dos padróns e das súas liquidacións poderase interpor recurso de reposición no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao remate da exposición pública dos padrón. Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderase interpor recurso contencioso-administrativo na forma e prazos que a tal efecto se establecen na Lei 29/98 de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

De acordo co disposto no artigo 62.3 da Lei Xeral Tributaria, fíxase como prazo de pago en período voluntario dende 22.05.2025 ata o 22.07.2025.

Advírtese que transcorrido o prazo de ingreso en período voluntario, as débedas serán esixidas pola vía de constrinximento, e devindicaranse as correspondentes recargas do período executivo, os xuros de mora, e no seu caso, as costas que se produzan

Monforte de Lemos, 16 de maio de 2025.- O Alcalde, P.D Decreto de data 21.06.2023, a primeira Tenente de Alcalde, Gloria María Prada Rodríguez.

R. 1398

NEGUEIRA DE MUÑIZ

Anuncio

En cumprimento do establecido no artigo 26 do Regulamento de Desenvolvemento da Lei 18/2001, de 12 de decembro, de Estabilidade Orzamentaria, aprobado polo Real Decreto 1463/2007, de 2 de novembro, faise pública a aprobación dun Plan económico-financieiro polo Pleno desta Corporación en sesión de data 22/05/2025, con vixencia para os exercizos 2025/2026 e motivado polo incumprimento do principio de estabilidade orzamentaria e da regra de gasto con ocasión da aprobación da liquidación do orzamento do exercizo 2024, o cal estará a disposición dos interesados nas dependencias da secretaría xeral do Concello de Negueira de Muñiz.

Negueira de Muñiz, 27 de maio de 2025.- O Alcalde, José Manuel Braña Pereda.

R. 1412

SAMOS

Anuncio

O día 26/05/2025, a Alcaldesa de Samos, mediante Decreto nº2025-0088, aprobou as BASES REGULADORAS DA SELECCIÓN E CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DE UN/UNHA SOCORRISTA DURANTE DOUS MESES A XORNADA COMPLETA AO ABEIRO DO PROGRAMA “REFORZO DO EMPREGO” DENTRO DO PLAN DEPUTACIÓN DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2025 DA DEPUTACIÓN DE LUGO.

Ábrese o prazo de presentación de solicitudes, que será de 5 días hábiles a contar desde o día seguinte á publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

BASES REGULADORAS DA SELECCIÓN E CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DE UN/UNHA SOCORRISTA DURANTE DOUS MESES A XORNADA COMPLETA AO ABEIRO DO PROGRAMA “REFORZO DO EMPREGO” DENTRO DO PLAN DEPUTACIÓN DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2025 DA DEPUTACIÓN DE LUGO

PRIMEIRA.- OBXECTO DA CONVOCATORIA

Constitúe o obxecto da convocatoria, conforme ao previsto nas Bases Reguladoras do Plan Deputación de Cooperación cos Concellos 2025, a contratación con carácter temporal de un/unha socorrista a xornada completa durante dous meses.

SEGUNDA.- FUNCÍONS E MODALIDADE E DURACIÓN DO CONTRATO

O/a socorrista das piscinas municipais do Concello de Samos desenvolverá as funcións de vixilancia, control, primeiros auxilios e socorrismo acuático nas piscinas municipais así como calquera outra función propia do seu cargo ou categoría.

A modalidade dos contratos laborais será de duración determinada regulada no artigo 15.2 do Texto Refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2015, de 23 de outubro.

A duración temporal do contrato será de dous meses dende a data de inicio de contrato.

TERCEIRA.- REQUISITOS DOS/AS ASPIRANTES.

Para ser admitido/a no proceso selectivo, os aspirantes deberán reunir, na data de remate do prazo de presentación de solicitudes, os seguintes requisitos:

a) Nacionalidade:

a.1) Ter a nacionalidade española.

a.2) Ser nacional dalgún dos estados membros da Unión Europea ou nacional dalgún Estado en que, en virtude dos tratados internacionais realizados pola Unión Europea e ratificados por España, sexa de aplicación a libre circulación de traballadores.

a.3) Tamén poderán participar, calquera que sexa a súa nacionalidade, o cónxuxe dos españois e dos nacionais doutros Estados membros da Unión Europea, e dos nacionais dalgún Estado ao cal, en virtude dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, sexa de aplicación a libre circulación de traballadores, sempre que non estivesen separados de dereito. Así mesmo, coas mesmas condicións poderán participar os seus descendentes e os do seu cónxuxe sempre que non estean separados de dereito, sexan menores de 21 anos ou maiores de dita idade dependentes.

b) Capacidade funcional: non padecer enfermidade nin estar afectado por limitación física ou psíquica incompatible co desempeño das tarefas do emprego a que se aspira.

As persoas que resulten seleccionadas achegarán antes da sinatura do contrato, certificación médica ou equivalente, acreditativa de non padecer enfermidade ou defecto físico que impida o desempeño das correspondentes funcións.

A condición de discapacitado e a súa compatibilidade acreditarase coa oportuna certificación.

c) Idade: ter cumpridos 16 anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.

d) Habilitación: non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas, ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso a corpos ou escalas de persoal funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso de persoal laboral, no que fora separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non encontrarse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos, o acceso ao emprego público.

e) Titulación: Título de graduado escolar ou equivalente

f) É imprescindible que as persoas a contratar a través deste programa produzan novas contratacións no Concello de Samos, polo que a situación de procedencia dos candidatos debe ser a de desemprego ou de mellora de emprego con independencia de que a xornada laboral sexa parcial ou completa.

Para poder participar os candidatos deberán presentar a tarxeta de demandante de emprego ou mellora de emprego para os casos anteriormente mencionados.

g) Coñecemento da lingua galega: Para darlle cumprimento á normalización do idioma galego na Administración Pública de Galicia e para garantir o dereito das administradas e dos administrados ao uso do galego nas relacións coa Administración pública no ámbito da Comunidade Autónoma, e a promoción do uso normal do galego por parte dos poderes públicos de Galicia, que determina o artigo 6º.3 da Lei de Normalización Lingüística, nas probas selectivas que se realicen para o acceso ás prazas da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia e das entidades locais de Galicia incluírase un exame de galego, salvo para aqueles que acrediten o coñecemento da lingua galega conforme á normativa vixente. Polo tanto, quen non acredite o coñecemento da lingua galega mediante a aportación do CELGA 2 ou equivalente, deberá superar un exame de galego nos termos que se sinalan na base 7ª

h) Estar en posesión do Certificado que acredite NON CONSTAR na Base de Datos do Rexistro Central de Delinquentes Sexuais do Ministerio de Xustiza. Este documento pode ser obtido polo solicitante mediante a utilización do certificado electrónico ou DNI e na seguinte dirección:

<https://sede.mjusticia.gob.es/es/tramites/certificado-registro-central>

Este requisito xuntarase unicamente polo/a candidato/a seleccionado/a, con anterioridade a sinatura do contrato, dentro do prazo previsto para a presentación de documentación.

i) Requisitos específicos: A habilitación profesional para exercer a actividade de socorrismo en instalación acuáticas. Estar en posesión do título/carnet oficial de socorrista acuático coa licencia anual en vigor.

Deberase acreditar a inscrición no Rexistro Profesional de Socorristas acuáticos de Galicia.

Excepcionalmente será aceptada a presentación da solicitude no rexistro xunto coa documentación necesaria do cumprimento dos requisitos establecidos no Decreto 152/2021, do 21 de outubro, polo que se regulan as condicións para o exercicio profesional das actividades de socorrismo acuático, información e primeiros auxilios nos espazos acuáticos naturais e instalacións acuáticas na Comunidade Autónoma de Galicia modificado polo DECRETO 43/2023, do 4 de maio.

No seu caso, as titulacións obtidas no estranxeiro deberán ser obxecto da correspondente convalidación ou homologación.

Os requisitos citados deberán reunirse con referencia ó derradeiro día do prazo de presentación de solicitudes, debendo continuar en posesión dos mesmos durante todo o proceso selectivo.

CUARTA.- SOLICITUDES

4.1. A solicitude para tomar parte nas correspondentes probas selectivas axustarase ó modelo que figura como Anexo I ás presentes Bases, que se facilitará no Rexistro Xeral do Concello e na sede electrónica do Concello de Samos <https://concellosamos.sedelectronica.gal/>, dirixida ao Sra. Alcaldesa do Concello de Samos.

O prazo de presentación de solicitudes será de cinco (5) días hábiles contados dende o día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria e bases íntegras no Boletín Oficial da Provincia (BOP).

Xunto coas instancias solicitando participar no proceso, deberá presentarse a seguinte documentación, orixinal ou copia compulsada:

- a) Fotocopia do documento nacional de identidade, pasaporte ou tarxeta de residencia.
- b) Declaración responsable, asinada polo/a aspirante, de non estar afectado/a por ningún dos motivos de incompatibilidade recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas e de non ter sido separado/a do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas por expediente disciplinario ou resolución xudicial firme nin encontrarse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, ou para exercer función similares ás que se desempeñaba no caso do persoal laboral, segundo o modelo que figura nestas bases como Anexo I.
- c) No caso de ser nacional doutro Estado, declaración responsable, asinada polo/a aspirante, de non estar afectado/a por ningún dos motivos de incompatibilidades recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas e de non estar inhabilitado/a ou en situación equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos, o acceso ao emprego público.
- d) Fotocopia da documentación acreditativa dos méritos que os/as aspirantes aleguen para a súa valoración no concurso. A falta de acreditación dos méritos alegados na correspondente instancia, determinará a imposibilidade de valoración dos mesmos.
- e) Certificación, de ser o caso, acreditativa do grao de discapacidade.
- f) Tarxeta de demandante de emprego ou de mellora de emprego.
- g) Título oficial de socorrista acuático e acreditación de inscrición no rexistro profesional de socorristas acuáticos de Galicia.

- h) Acreditar o coñecemento da lingua galega, como mínimo, no nivel de CELGA 2 ou equivalente, debidamente homologado polo órgano competente na materia de política lingüística da Xunta de Galicia. Non obstante, no caso de non poder acreditar este título, realizará un exame de galego nos termos sinalados na base 7ª.

4.2 As solicitudes presentaranse no Rexistro Xeral de entrada do Concello de Samos.

Poderanse, así mesmo, remitir na forma determinada no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Se a solicitude se presentara fora do rexistro do Concello de Samos, e co fin de axilizar os trámites, deberase remitir unha comunicación ao correo electrónico concello.samos@gmail.com antes da data de expiración do prazo, comunicando a presentación da solicitude, co selo de Correos ou do rexistro correspondente.

QUINTA.- ADMISIÓN DE ASPIRANTES.

Rematado o prazo de presentación de solicitudes, a Alcaldía ditará resolución, no prazo máximo de dez días que conterà:

- A lista provisional de admitidos e excluídos xuntamente coas causas que motivaron a exclusión.
- A designación do tribunal cualificador e a data da súa constitución.
- A data, hora e lugar de realización das probas de oposición.

Esta resolución publicarase no Taboleiro de Edictos e na sede electrónica do Concello, sinalándose un prazo de dous (2) días hábiles contados a partires do seguinte ao da publicación da resolución para que os aspirantes excluídos poidan emendar, de ser o caso, o defecto que motivou a exclusión.

No caso de non haber excluídos ou de habelos non presentar reclamacións, a lista provisional elevarase a definitiva automaticamente.

O feito de figurar na relación de admitidos non prexulga que se lles recoñeza aos interesados a posesión dos requisitos esixidos no procedemento que se convoca.

Cando da documentación que debe presentarse, no caso de superar o procedemento selectivo, se desprenda que non posúen algún dos requisitos, os/as interesados/as decaerán en todos os dereitos que puidesen derivar da súa participación no procedemento.

Os datos pessoais (nome, apelidos, dirección aos efectos de notificacións) dos candidatos que participen no procedemento selectivo, serán utilizados unicamente para o fin do presente procedemento selectivo, e co fin de dar cumprimento ao principio de publicidade esixido na vixente lexislación.

SEXTA.- TRIBUNAL CUALIFICADOR.

O tribunal estará constituído por un número impar de membros, funcionarios/as de carreira ou persoal laboral fixo, non inferior a cinco, debendo designarse o mesmo número de suplentes, un dos cales actuará coma presidente e outro coma secretario do tribunal e terá a seguinte composición:

Presidente/a: Un/unha funcionario/a de carreira ou persoal laboral pertencente a grupo de clasificación profesional de titulación igual ou superior ao esixido para o acceso á praza convocada.

Secretaria: A da Corporación ou persoa que faga as súas veces.

Vogais: Tres funcionarios/as de carreira ou persoal laboral dunha administración local designados pola Alcaldía e pertencentes ao grupo de clasificación profesional de titulación igual ou superior ao esixido para o acceso á praza convocada.

Na designación dos membros do tribunal garantírase a súa composición paritaria entre homes e mulleres, con só unha diferenza de un entre ambos os dous sexos, ó ser a súa composición impar.

Os membros dos tribunais deberán absterse de intervir, notificándollo á autoridade convócente, cando concorran neles, circunstancias das previstas no 23 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Así mesmo, os aspirantes poderán recusar aos membros do tribunal cando concorran neles algunha das circunstancias previstas na presente base, conforme o artigo 24 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

O tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a presenza, cando menos, de tres dos seus membros.

En todo caso requírese a asistencia do presidente e do secretario ou dos que legalmente os substitúan.

O procedemento de actuación do tribunal axustarase ao disposto na Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, levantando de cada sesión acta, que se autorizará, coa sinatura do secretario e co visto e prace do Presidente.

Os tribunais poderán dispoñer a incorporación de asesores especialistas para as probas en que así o estimen necesario ou conveniente. Os ditos asesores, actuarán con voz e sen voto, limitándose ao exercicio das especialidades técnicas en base ás cales colaboran no respectivo tribunal.

O tribunal resolverá, por maioría de votos dos seus membros presentes, tódalas dúbidas e propostas que se produzan para a aplicación das normas contidas nestas bases, e estará facultado para resolver as cuestións que poidan suscitarse durante a realización das probas, así como adoptar as medidas necesarias.

SÉTIMA.- PROCEDIMENTO DE SELECCIÓN

O procedemento de selección será o de concurso-oposición.

7.1) FASE DE OPOSICIÓN (puntuación máxima 10 puntos).

EXERCICIO: Consistirá en contestar por escrito a un cuestionario tipo test de 10 preguntas con respostas alternativas das que só unha será correcta, versarán sobre conceptos relacionados co temario exposto no Anexo II, durante un período de 20 minutos.

Esta proba terá carácter obrigatorio, as respostas correctas valoraranse cada unha con 1 punto e as non contestadas ou contestadas incorrectamente non penalizarán.

Puntuarase cun máximo de 10,00 puntos, quedando eliminados aqueles que non obteñan un mínimo de 5,00 puntos.

PROBA DE GALEGO: Común e obligatoria para aqueles candidatos que habendo superado todas as probas, non acreditaran o coñecemento da lingua galega como mínimo, no nivel de CELGA 2 ou equivalente, debidamente homologado polo órgano competente na materia de política lingüística da Xunta de Galicia. Os candidatos que se atopen nesta circunstancia deberán realizar un exame consistente en traducir un texto elixido libremente polo tribunal, sen diccionario, do castelán ao galego.

Valorarase como apto ou non apto, sendo necesario para superalo obter a calificación de apto. O tribunal decidirá o nivel preciso para obter a condición de apto.

Esta proba terá unha duración máxima de 15 minutos.

7.2) FASE DE CONCURSO (puntuación máxima 5 puntos).

Rematada a fase de oposición procederase á valoración de méritos dos aspirantes., a puntuación máxima que se pode acadar é de 5 puntos de acordo co seguinte desglose.

a) Experiencia profesional (máximo 3) puntos.

- 0,25 puntos por cada mes completo traballado nunha administración local, como funcionario ou como laboral, en postos iguais ou similares ao que aspira.

- 0,15 puntos por cada mes completo traballado en calquera outra administración pública, como funcionario ou laboral, en postos iguais ou similares ao que aspira.

- 0,12 puntos por cada mes traballado na empresa privada, en postos iguais ou similares ao que aspira.

Os servizos prestados a tempo parcial computaranse de forma proporcional ós prestados a xornada completa.

Os méritos alegados polos aspirantes acreditaranse do seguinte xeito:

A. Os servizos prestados nas administracións públicas, acreditaranse mediante informe de vida laboral acompañado de certificación expedida pola autoridade ou funcionario competente, donde conste o tempo de traballo na categoría a que se opta, ou contratos de traballo orixinais ou compulsados,

B. Aqueles aspirantes que traballaron no Concello de Samos, unicamente terán que facelo constar e non Terán que presentar a certificación, nin os contratos a que fai referencia este parágrafo.

C. Os servizos prestados nas empresas privadas, acreditaranse mediante informe de vida laboral acompañado de os documentos orixinais ou copias compulsadas dos contratos acreditativos da relación laboral do aspirante.

En todo caso, dos citados documentos deberá desprenderse as funcións e tarefas realizadas.

b) Formación (máximo 2 puntos).

Valoraranse os títulos e cursos de formación e perfeccionamento recibidos, sempre que se atopen relacionados coas funcións a desenvolver e organizados, ben por unha Administración Pública ou organismos ou institución dependentes das administracións públicas homologadas:

- Por cursos de 10 a 20 horas de duración: 0,10 puntos.

- Por cursos de 21 a 40 horas de duración: 0,20 puntos.

- Por cursos de 41 a 100 horas de duración: 0,30 puntos.

- Por cursos de máis de 100 horas de duración: 0,50 puntos.

Non se valoraran os cursos que non especifiquen o número de horas.

Valoraranse en todo caso os cursos sobre prevención de riscos laborais e seguridade e hixiene no traballo.

No suposto de que a duración do curso se exprese en días, establécese unha equivalencia de 5 horas por cada día de curso.

Forma de acreditar os méritos: Deberá presentar o diploma/título ou certificación expedido pola entidade pública que o impartiu e/ou financiou, acreditativo da súa realización.

O Tribunal valorará no seu conxunto e por unha sola vez, os cursos que sexan de natureza análoga e contido curricular similar. O mesmo curso realizado en máis dunha ocasión só será valorado unha vez, valorándose o de maior duración.

Non se valorarán os cursos de menos de 10 horas, nin xornadas, seminarios, congresos ou similares. En ningún caso serán valorados “cursos” cuxa finalidade sexa a obtención dun título académico.

Os servizos prestados e cursos que a xuízo do Tribunal non estean debidamente acreditados ou non teñan relación coas funcións propias do posto de traballo obxecto da presente convocatoria non serán puntuados.

O Tribunal, en ningún caso, poderá valorar o non achegado e probado polos aspirantes na documentación presentada coa instancia solicitude, sen que sexa admisible a concesión de prazo ningún para emendas ou subsanacións con posterioridade ao día de remate do prazo de presentación daquela.

OITAVA.- CUALIFICACIÓN FINAL E PROPOSTA DO TRIBUNAL DE SELECCIÓN.

A puntuación total de cada aspirante no proceso selectivo virá determinada polos puntos acadados no apartado anterior.

En caso de empate de puntuacións resolverase a favor dos aspirantes que acaden maior número de puntos no apartado de experiencia profesional dentro da fase de concurso.

De persistir o empate resolverase a favor dos/das aspirantes que acaden maior número de puntos na fase de oposición.

De persistir o empate resolverase a favor dos/das aspirantes que acaden maior número de puntos no apartado de formación dentro da fase de concurso. Se persiste o empate, resolverase por sorteo público.

O Tribunal publicará no taboleiro de anuncios do concello e na sede electrónica do Concello a puntuación total do proceso selectivo, dispoñendo os aspirantes dun prazo de alegacións de dous (2) días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación

De efectuarse alegacións, resolveranse polo Tribunal a efectos da proposta definitiva. De non existir, a proposta provisoria elevarase automaticamente a definitiva. Finalizado o proceso de selección elevarase ao órgano competente a proposta definitiva para que dite Resolución cos candidatos seleccionados, precisándose que non poderá superarse o número de prazas vacantes convocadas.

O tribunal non poderán aprobar nin declarar que superaron as probas selectivas un número superior de aspirantes ao de postos que se convocan. Non obstante o anterior, e co fin de asegurar a cobertura dos mesmos cando se produzan renuncias, baixas ou substitucións dos aspirantes seleccionados ou calquera outra circunstancia, o tribunal elaborará unha lista de agarda dos/as aspirantes que habendo superado todas as probas sigan aos propostos por orde de puntuación, para a súa posible contratación.

NOVENA.- PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN.

No prazo máximo de dous (2) días hábiles a partires da Resolución cos candidatos seleccionados para seren contratados, estes deberán achegar a seguinte documentación, agás que xa a presentara anteriormente xunto coa instancias de participación:

- Certificación médica na que se faga constar expresamente que o aspirante reúne a capacidade funcional para o desempeño das tarefas propias do posto de traballo. Esta certificación non poderá ter una antigüidade superior aos tres (3) meses anteriores ao día de remate do prazo de presentación de instancias, acreditativo de posuír a capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas habituais da praza á que se aspira, e no que se fará constar que non se padece enfermidade ou limitación física ou psíquica incompatible coas funcións do posto.

- Copia compulsada da tarxeta da Seguridade Social.

- Certificado que acredite NON CONSTAR na Base de Datos do Rexistro Central de Delinquentes Sexuais do Ministerio de Xustiza.

A non presentación dentro do prazo fixado da documentación esixida nesta base e agás nos casos de forza maior ou cando do exame da mesma dedúzase que carecen dalgún dos requisitos sinalados na base 3ª, non poderán ser contratados sen prexuízo da responsabilidade en que incorresen por falsidade na solicitude de

participación. Neste caso procederase a notificar ao candidato que obtivese a seguinte maior puntuación para que achegue a referida documentación, procedéndose do mesmo xeito que no suposto anterior.

DÉCIMA. RESOLUCIÓN E FORMALIZACIÓN DO CONTRATO.

Á vista da proposta do Tribunal Calificador e constatado que os aspirantes acreditaron os requisitos esixidos para o contrato, a Alcaldesa-Presidenta resolverá o procedemento selectivo e procederá á formalización dos contratos laborais temporais de duración determinada e a tempo completo

DÉCIMO PRIMEIRA.-INCIDENCIAS E LEXISLACIÓN APLICABLE

O tribunal queda facultado para resolver as dúbidas que se presentaren e tomar os acordos necesarios para a boa orde do proceso selectivo, en todo canto non estea previsto nestas bases.

En todo o non previsto nestas bases, serán de aplicación ás probas selectivas as seguintes disposicións:

- Bases reguladoras do Plan Deputación de Cooperación cos Concellos da Deputación Provincial de Lugo 2025.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de réxime local.
- Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Real Decreto Legislativo 781/1986, de 13 de xuño (naquelas disposicións básicas).
- Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores.
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- Lei 10/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.
- Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público
- Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia
- Real Decreto 896/1991, de 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios da Administración Local.
- Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de ingreso do persoal ó servizo da Administración do Estado e demais disposicións aplicables.

DÉCIMO SEGUNDA.- IMPUGNACIÓN.

Estas bases, a súa convocatoria e cantos actos administrativos deriven da mesma, así como as actuacións do Tribunal poderán ser impugnadas polos interesados nos casos e na forma establecida na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Samos, 27 de maio de 2025.- A Alcaldesa, María Jesús López López.

ANEXO I MODELO DE SOLICITUDE PARTICIPACIÓN NA CONTRATACIÓN DE 1 SOCORRISTA PARA A PISCINA MUNICIPAL A XORNADA COMPLETA Ó ABEIRO DO PLAN DEPUTACIÓN DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2025

PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NOME	
DATA DE NACEMENTO	D.N.I.	NACIONALIDADE	
ENDEREZO			
CONCELLO	PROVINCIA	C.P.	TELÉFONO/CORREO ELECTRÓNICO

Enterado/a da convocatoria pública realizada polo Concello de Samos para a contratación laboral temporal a xornada completa de 1 praza de socorrista

DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE.

PRIMEIRO.- Que non estou afectado/a por ningún dos motivos de incompatibilidade recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas, que non padezo enfermidade ou defecto físico/psíquico, que me impida o desempeño das funcións ou tarefas correspondentes á praza á que opto e que non estou separado/a, mediante expediente disciplinario do servizo ó Estado, ás Comunidades Autónomas ou ás Entidades Locais, nin inhabilitado para o exercicio das funcións públicas.

SEGUNDO.- Que autorizo ó Concello do Samos para a publicación dos meus datos persoais (nome, apelidos e D.N.I.) e das posibles causas de exclusión, no taboleiro de anuncios do concello e calquera outro medio que se estime, ao ser a publicidade un dos principios legais que debe observarse nos procedementos de selección.

SOLICITO :

Ser admitido nas probas selectivas convocadas para a contratación laboral temporal do/s posto/s antes descrito/s, e declaro que son certos tódolos datos consignados nesta solicitude e que coñezo e reúno as condicións esixidas nesta convocatoria, referidas á data en que remata o prazo de presentación de instancias.

En Samos, a de de 2025.

Sinatura,

SR.ALCALDESA-PRESIDENTA DO CONCELLO DE SAMOS

En relación co establecido na L.O.P.D de Carácter persoal o CONCELLO DE SAMOS, procede a informarlle que os datos obtidos no noso formulario serán incorporados a un ficheiro de datos, do que é responsable o CONCELLO DE SAMOS, con domicilio social en PRAZA ESPAÑA 1.- 27620.- SAMOS.- LUGO. Sendo os datos obtidos co consentimento do interesado, Art. 6 L.O.P.D. o obxecto de dito tratamento será para a xestión das relacións contractuais establecidas entre o Concello e o solicitante. O interesado gozará en todo momentodos dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición garantidos pola Lei vixente.O titular dos datos comprométese a comunicar por escrito o CONCELLO DE SAMOS, calquera modificación que se produza nos datos achegados.

ANEXO II TEMARIO

TEMA 1- Normativa hixiénico-técnico-sanitaria que regula o uso e funcionamento das piscinas de uso colectivo

TEMA 2- Prevención de situacións de risco e vixilancia en instalacións acuáticas

TEMA 3- Primeiros auxilios e actuación inicial en emerxencias nas instalacións acuáticas

TEMA 4- Intervención e rescate en instalacións acuáticas

R. 1413

O VICEDO*Anuncio*

Formulada e rendida a Conta Xeral do Presuposto deste Concello correspondente ao exercicio de 2024, expónse ao público por prazo de quince días, xunto cos seus xustificantes e o informe emitido pola Comisión Especial de Contas o día 23 de maio de 2025. Durante este prazo e oito días máis, os interesados poderán presentar reclamacións, reparos ou observacións, as cales serán examinadas pola devandita Comisión, que practicará cantas comprobacións considere necesarias, emitindo novo informe antes de sometelas a consideración do Pleno do Concello, para que poidan ser examinadas e, no seu caso, aprobadas, de conformidade co disposto no artigo 212.3.4 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais.

O Vicedo, 23 de maio de 2025.- O Alcalde, José Jesús Novo Martínez.

R. 1399

Anuncio

Sendo necesario, con carácter de urxencia, por cese da persoa que ocupaba a praza, proceder á selección e nomeamento con carácter interino dun auxiliar administrativo, pertencente á escala de administración xeral, subescala auxiliar administrativo, dentro do programa reforzo do emprego do Plan Deputación de Cooperación cos concellos 2024, financiado pola Excm. Deputación Provincial de Lugo, e ao abeiro do artigo 10. 1 c) do Real decreto legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público.

Por resolución de Alcaldía de 26 de maio de 2025, prestouse aprobación ás bases e convocatoria para proceder á selección e nomeamento con carácter interino dun auxiliar administrativo, pertencente á escala de administración xeral que de seguido se transcriben.

O Vicedo, 27 de maio de 2025.- O Alcalde, José Jesús Novo Martínez.

BASES DE SELECCIÓN PARA O NOMEAMENTO COMO FUNCIONARIO INTERINO DUN AUXILIAR ADMINISTRATIVO, PERTENCENTE Á ESCALA DE ADMINISTRACIÓN XERAL, AO ABEIRO DO ARTIGO 10.1 c) DO REAL DECRETO LEXISLATIVO 5/2015, DE 30 DE OUTUBRO, POLO QUE SE APROBA O TEXTO REFUNDIDO DA LEI DO ESTATUTO BÁSICO DO EMPREGADO PÚBLICO, DENTRO DO PROGRAMA REFORZO do emprego do Plan DEPUTACIÓN de Cooperación cos concellos 2024, financiado pola Excm. Deputación Provincial de Lugo, AO ABEIRO DAS BASES PUBLICADAS NO BOP DE LUGO DE 8 DE XANEIRO DE 2024.-

I.— Obxecto

O obxecto das presentes bases é proceder á selección e nomeamento con carácter interino dun auxiliar administrativo, pertencente á escala de administración xeral, dentro do programa reforzo do emprego do Plan Deputación de Cooperación cos concellos 2024, financiado pola Excm. Deputación Provincial de Lugo, e ao abeiro do artigo 10. 1 c) do Real decreto legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público.

A natureza xurídica que se empregará será a recollida no artigo 10.1.c) do Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, que se denominará "funcionario interino por execución de programa de carácter temporal", coa categoría de auxiliar administrativo, pertencente á escala de administración xeral. A duración do nomeamento será como máximo ata o 31 de outubro de 2025, coincidente coa vixencia do programa reforzo do emprego do Plan Deputación de Cooperación cos concellos 2024, financiado pola Excm. Deputación Provincial de Lugo.

II.— Funcións/tafas e retribucións económicas

O aspirante seleccionado/a por medio da presente convocatoria estará suxeito/a, no desenvolvemento das funcións propias da súa categoría profesional, ás normas internas de funcionamento do Concello do Vicedo; tendo como funcións encomendadas as relacionadas co funcionamento administrativo dos servizos do concello, tales como redacción e arquivo de documentos, colaboración na tramitación de expedientes, apoio na contabilidade ..., e as retribucións salariais serán as que corresponden a un grupo C2, C.D. 18.

III.— Condicións dos/as aspirantes

1. Para seren admitidos/as á realización das probas selectivas os/as aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos:

a) Ser español/a ou posuír a nacionalidade de calquera dos Estados membros da Unión Europea ou a dalgún dos Estados aos que sexa de aplicación a libre circulación de traballadores/as nos termos definidos no Tratado Constitutivo da Unión Europea, en virtude dos Tratados Internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, todo isto nos termos do artigo 57 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

b) Ter cumpridos os 16 anos de idade, e non superar a idade máxima de xubilación.

c) Estar en posesión dalgunha das seguintes titulacións académicas: graduado/-a en educación secundaria obrigatoria, FP grao básico, graduado escolar, FP1 ou equivalente. No caso de titulacións obtidas no estranxeiro, deberán posuír o documento que acredite fielmente a súa homologación.

d) Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas habituais do posto ao que aspira.

e) Non estar separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario/a do que estivese separado/a ou inhabilitado/a. No caso de ser nacional doutro estado, non atoparse inhabilitado/a ou en situación equivalente nin ser sometido/a a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

f) Non incorrer en causa de incapacidade ou incompatibilidade de acordo coa lexislación vixente.

g) Acreditar o coñecemento da lingua galega co obxecto de garantir os dereitos constitucionais e lingüísticos das persoas usuarias do servizo de conformidade co artigo 51 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia e a Disposición Adicional 2ª, apartado 2, da Orde do 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (Celga), modificada pola Orde do 10 de febreiro de 2014.

h) Estar en situación de desemprego ou de mellora de emprego. De acordo co establecido no último parágrafo da Base 11ª.1 do Plan Deputación de Cooperación cos Concellos 2024 da Excm. Deputación Provincial de Lugo: "É imprescindible que as persoas a contratar a través deste programa produzan novas contratacións no concello, polo que a situación ou procedencia dos candidatos debe provir da situación de desemprego ou de mellora de emprego con independencia de que a xornada laboral sexa parcial ou completa, quedando excluídos os custes de persoal referidos a traballadores incluídos no cadro de persoal vixente do concello", o cal se acreditará mediante informe períodos de inscrición como demandante de emprego emitido polo Servizo Público de Emprego.

2. Todos os requisitos esixidos no apartado anterior deberán posuílos os/as aspirantes no día de remate do prazo para a presentación de solicitudes e conservalos, polo menos, ata a data do seu nomeamento como funcionario/a interino/a, no seu caso.

A persoa seleccionada tamén deberá acreditar, antes da dación de alta na seguridade social:

- Non padecer enfermidade nin defecto físico que impida o normal desenvolvemento das funcións correspondentes ao posto de traballo convocado (aportar certificado médico ou certificado de aptitude expedido por mutua autorizada).

IV.— Presentación de solicitudes

1. As persoas que desexen tomar parte nas probas selectivas convocadas deberán facelo constar mediante instancia dirixida ao Sr. Alcalde do Concello do Vicedo. A instancia conterá, polo menos, os datos persoais do/a solicitante coa súa dirección e a denominación da praza convocada á que opta e farase constar, expresamente, que se reúnen todas e cada unha das condicións esixidas na base terceira da convocatoria. (Anexo II).

Xunto coa instancia aportarase a documentación que o/a aspirante desexe que sexa tida en conta no concurso, e conforme ao establecido nos apartados posteriores das presentes bases. Debendo acompañar, en todo caso, a seguinte documentación:

— DNI, ou no seu caso pasaporte.

— Titulación esixida.

— Declaración xurada de posuír a capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas propias da praza a cubrir (Anexo IV).

— Certificado de Lingua Galega CELGA 3, superior ou equivalente, de conformidade coa Orde do 10 de febreiro de 2014 pola que se modifica a Orde do 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (Celga). No caso de non poder acreditar mediante certificación ou validación o coñecemento da lingua galega será necesario superar a proba establecida na base VI.

— Declaración xurada de non ser separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha Administración Pública, nin estar inhabilitado/a para o exercicio de funcións públicas por sentenza firme. (Anexo IV).

— Declaración xurada de non estar incurso/a en causa algunha de incompatibilidade, de conformidade coa lexislación vixente. (Anexo IV).

— Documento xustificativo da inscrición como demandante de emprego emitido polo Servizo Público de Emprego, con data igual ou posterior á apertura do prazo de solicitude.

— Méritos que se alegan. (Anexo III) Non se valorarán os méritos que non se acrediten.

Toda a documentación deberá presentarse en orixinal, copia auténtica ou copia compulsada.

Os/as solicitantes manifestarán que reúnen todos e cada un dos requisitos enumerados nestas bases referidos á data na que remate o prazo de presentación de instancias. Se dentro do prazo indicado, agás casos de forza maior, o/a aspirante proposto non presentara toda a documentación ou da mesma se deducise que carece dalgún dos requisitos esixidos, non poderá ser nomeado/a, quedando anuladas tódalas actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que puidera incorrer por falsidade na solicitude de participación.

2. O prazo para a presentación de solicitudes será de 5 días hábiles a partir do día seguinte ao da publicación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo (BOP). Realizarase tamén publicación na sede electrónica do concello <https://concellodovicedo.sedelectronica.es> e no taboleiro de edictos da Corporación, así como na páxina web da Excma. Deputación Provincial de Lugo.

3. A presentación de solicitudes poderá facerse ben no Rexistro Xeral do Concello do Vicedo ou ben en calquera das formas establecidas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

As solicitudes que se presenten a través da oficina de Correos deberán entregarse en sobre aberto para ser seladas e datadas polo persoal funcionario de Correos de conformidade co artigo 31 do Real Decreto 1829/1999, de 3 de decembro, polo que se aproba o Regulamento polo que se regula a prestación dos servizos postais, en desenvolvemento do establecido na Lei 24/1998, de 13 de xullo, do Servizo Postal Universal e de Liberalización dos Servizos Postais.

No caso de presentar a solicitude nun lugar distinto ao Rexistro Xeral do Concello do Vicedo, o/a aspirante deberá remitir por correo electrónico (concello@concellodovicedo.org) unha copia da instancia co selo do Rexistro onde se presentou antes da finalización do prazo de presentación de instancias.

4. Os/as aspirantes quedan vinculados aos datos que fixeron constar na solicitude, se ben os erros de feito que poidan advertirse poderán subsanarse ou repararse en calquera momento ben de oficio, ben a instancia de parte.

V.— Admisión dos/as aspirantes

1. Rematado o prazo dos 5 días hábiles fixado para a presentación de solicitudes, por resolución da Alcaldía acordarase a aprobación da lista provisional de admitidos/as e excluídos/as ao concurso - oposición, con especificación, no seu caso, dos motivos de exclusión, a cal se publicará no taboleiro de edictos deste Concello, na sede electrónica do concello <https://concellodovicedo.sedelectronica.es>

Na lista provisional farase indicación do día e da hora na que terá lugar a proba de selección e a valoración da fase de concurso; tamén se designará a composición do tribunal de selección.

De non existir persoas aspirantes excluídas, elevarase a definitiva a lista provisional na mesma resolución de aprobación.

2. Os/as aspirantes excluídos/as disporán dun prazo de 2 días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación do acordo, para poder subsanar ou emendar, no seu caso, o defecto que houbera motivado a exclusión. No suposto de producirse reclamacións deberá tomarse novo acordo estimándoa ou desestimándoa con publicación da lista definitiva no taboleiro de edictos e na sede electrónica do concello <https://concellodovicedo.sedelectronica.es>. No caso de non presentarse reclamacións polos/as aspirantes excluídos (de existir) a lista publicada terá carácter definitivo.

VI.— Sistema de selección

A selección realizarase mediante o sistema de concurso-oposición.

A.— FASE DE OPOSICIÓN: De carácter obrigatorio e eliminatorio.

Consistirá na realización dunha proba teórica escrita, un suposto práctico e unha proba de coñecemento da lingua galega, esta última só para aqueles/as aspirantes que non acrediten no prazo de presentación de instancias o seu coñecemento.

PRIMEIRO EXERCICIO. De carácter obrigatorio e eliminatorio. Consistirá no desenvolvemento, por escrito, de dous temas, elixidos por sorteo, entre os que figuran no anexo I ás presente bases, sendo a puntuación máxima 10 puntos, outorgándose 5 puntos por cada tema desenvolvido correctamente, e sendo necesario acadar unha puntuación mínima de 5 puntos para pasar ó exercicio práctico.

O tempo máximo de realización da proba será de cento vinte (120) minutos.

SEGUNDO EXERCICIO. De carácter obrigatorio e eliminatorio. Consistirá nun exercicio que permita valorar a aplicación dos coñecementos e capacidades dos aspirantes a un suposto concreto, así como coñecer as súas habilidades e destrezas. Esta proba práctica simulará un suposto que poida darse no desempeño do posto que se convoca e poderá consistir na realización material da mesma ou na indicación do itinerario a seguir (fases, trámites, solucións a problemas, tratamento de textos, etc.), na realización da mesma, materializando ou sinalando algunha destas fases.

Para a cualificación do exercicio teranse en conta os coñecementos prácticos, habilidade e a corrección lingüística.

Este exercicio valorarase ata un máximo de 10 puntos, sendo a puntuación mínima para superalo 5 puntos, e pasar á fase de concurso.

TERCEIRO EXERCICIO. De carácter obrigatorio e eliminatorio para aqueles/as aspirantes que non acrediten o coñecemento da lingua galega no prazo de presentación de instancias. Consistirá na realización dunha proba escrita de coñecemento do idioma galego, coa tradución dun texto do castelán ao galego durante un tempo máximo de 30 minutos. O tribunal poderá establecer, ou non, a lectura pública do texto que será comunicado antes da realización do exame. A proba cualificarase de apto/a-non apto/a.

Estarán exentos/as da realización deste exercicio os/as aspirantes que acrediten no prazo regulamentario de presentación de instancias, posuír o título do CELGA 3 ou equivalente homologado de acordo co grupo de titulación do posto, segundo o disposto na Orde do 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega.

B.— FASE DE CONCURSO: Valoraranse os méritos presentados polos/as aspirantes de conformidade co recollido nas presentes bases.

Aos efectos de valoración de méritos, precísase expresamente que non serán valorados os méritos non invocados, nin tampouco aqueles que, aínda sendo invocados, non sexan debidamente acreditados mediante documentos orixinais, copia auténtica ou copia compulsada acreditativa daqueles no prazo de presentación de instancias polos/as solicitantes, sen que proceda requirimento de emenda posterior ao efecto, por parte da Administración.

Baremo Xeral de Méritos:

1.- Por experiencia en traballos iguais ou semellantes (ata un máximo de 2 puntos):

- Experiencia na realización de iguais ou semellantes traballos na administración pública, outorgarase a seguinte puntuación de 0,20 puntos por mes traballado.
- Experiencia na realización de iguais traballos ou semellantes na empresa privada, outorgarase a puntuación de 0,10 puntos por mes traballado."

Os servizos prestados acreditaranse, acompañando á instancia para tomar parte no concurso, informe oficial da vida laboral actualizado máis copia compulsada do contrato de traballo no que consten as tarefas realizadas, e IAE (copia compulsada) no caso de traballadores/as autónomos/as. No caso de servizos prestados na Administración Pública, deberán presentar ademais certificado orixinal, copia auténtica ou copia compulsada de servizos prestados expedido por dita Administración.

2.- Por titulación superior á requirida para o acceso e relacionada coa praza e as funcións a desempeñar (ata un máximo de 2 puntos):

- * Por ter unha titulación universitaria superior (licenciatura ou grao): 2 puntos.
- * Por ter unha diplomatura universitaria: 1 punto.

Acreditarase coa presentación de diploma, certificación ou calquera outro medio con validez legal.

VII.— Tribunal Cualificador

O Tribunal cualificador do concurso - oposición terá a seguinte composición:

— Presidente/a: Pertencente á Administración Local, con carácter de persoal funcionario de carreira do Grupo A.

— Secretario/a: Secretario – Interventor do Concello ou funcionario no que delegue.

— Vogais: Tres membros pertencentes á Administración Local, con carácter de persoal funcionario.

1. O Tribunal de selección, nomeado pola Alcaldía, será colexiado e a súa composición nominal axustarase ao disposto no artigo 60 do Real Decreto 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público e ao artigo 59 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do Emprego Público de Galicia. Na designación de membros terase en conta a paridade entre homes e mulleres.

2. Poderán formar parte do Tribunal os funcionarios municipais ou de calquera outra administración local, con titulación ou especialización igual ou superior á esixida para o posto convocado. Non poderán formar parte as persoas de elección ou designación política, os/as funcionarios/as interinos/as, o persoal laboral, ou persoal eventual e as persoas que nos 5 anos anteriores á publicación da convocatoria realizasen tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas ou colaborasen durante ese período con centros de preparación de opositores/as.

3. A pertenza aos órganos de selección será sempre a título individual non podendo ostentarse esta en representación ou por conta de ninguén.

4. Todos os membros do tribunal terán voz e voto, incluído o Secretario/a.

5. O tribunal poderá dispoñer a incorporación aos seus traballos de persoas asesoras especialistas, con voz e sen voto, cando a natureza ou as circunstancias así o aconsellen, limitándose os mencionados asesores/as a prestar a súa colaboración nas súas especialidades técnicas.

6. Os membros do tribunal deberán absterse de intervir, comunicándollo ao Alcalde, cando concorran neles algunha das circunstancias previstas nos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.

Igualmente, os/as aspirantes poderán recusar aos membros do Tribunal cando concorran algunha das circunstancias a que se refire o parágrafo anterior.

VIII. Cualificacións finais e proposta do tribunal

1. Determinada a cualificación final dos/as aspirantes o Tribunal fará pública a relación de aprobados/as por orde de puntuación no Taboleiro de edictos e na sede electrónica do concello <https://concellodovicedo.sedelectronica.es>.

2. O Tribunal, en ningún caso, poderá propoñer o nomeamento dun número de aspirantes aprobados superior ao número de prazas ofertadas. Calquera proposta de nomeamento que contraveña o establecido anteriormente será nula de pleno dereito.

3. No caso de empate nas puntuacións totais de dous ou máis aspirantes, este resolverase tendo en conta a maior puntuación obtida no primeiro exercicio e se isto non fora suficiente pola puntuación obtida nos sucesivos exercicios ata que o empate se resolva. De persistir o empate este resolverase mediante sorteo que se realizará en presenza dos interesados.

IX. Toma de posesión dos aspirantes propostos/as

Concluído o proceso selectivo e a proposta do tribunal cualificador, a Alcaldía ou a Xunta de Goberno Local, por delegación da Alcaldía, acordarán a toma de posesión do/a aspirante proposto/a.

A proposta do tribunal cualificador terá carácter vinculante para a Alcaldía e para a Xunta de Goberno Local.

Se algún dos/as aspirantes non tomase posesión no prazo que se lle conceda, baseándose na relación de cualificacións finais descrita na Base VIII, a Alcaldía ou a Xunta de Goberno Local, por delegación da Alcaldía, poderán acordar a toma de posesión do/a aspirante ou aspirantes seguintes con maior puntuación que se precisen respectando, en todo caso, a orde de puntuación recollida na citada relación.

A Alcaldía ou a Xunta de Goberno Local, por delegación da Alcaldía, poderán igualmente facer uso da facultade recollida no apartado anterior no suposto de que durante a vixencia da prestación de servizos algún dos traballadores/as cause baixa pola razón que sexa.

X. Incompatibilidade co cargo

O réxime de incompatibilidades será o previsto na Lei 53/1984, de 26 de decembro, de Incompatibilidades do Persoal ao Servizo das Administracións Públicas e o seu Regulamento.

XI. Protección de datos

De acordo coa Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro de Protección de datos de carácter persoal e garantía dos dereitos dixitais, informase aos participantes nesta convocatoria que os seus datos persoais quedarán arquivados no departamento de Persoal deste Concello, coa única finalidade de ter en conta a súa candidatura para o posto ofertado.

XII. Carácter vinculante das bases

As bases desta convocatoria vinculan á administración municipal, ao tribunal cualificador e aos/ás aspirantes que participen no proceso selectivo.

XIII. Incidencias

O tribunal cualificador queda facultado para interpretar as bases da convocatoria, así como para resolver cantas dúbidas e incidencias presente a súa aplicación, e poderá adoptar os acordos necesarios procurando a boa orde e desenvolvemento do proceso selectivo.

XIV. Réxime xurídico

Este proceso selectivo regularase polas presentes bases da convocatoria e, supletoriamente, no non previsto nelas, polo disposto no Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, a Lei 2/2015, do 29 de abril, do Emprego Público de Galicia, a Lei 53/1984, do 26 de decembro, de Incompatibilidades do Persoal ao Servizo das Administracións Públicas, a Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, a Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora de las Bases de Réxime Local, o Real Decreto 896/1991, de 7 de xuño, sobre procedemento de selección na Administración local, o Decreto legislativo 2/2015, de 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de Igualdade e demais normativa concordante.

XV. Disposición final

As bases da convocatoria e cantos actos administrativos se deriven delas e da actuación do tribunal cualificador poderán ser impugnadas nos casos e na forma establecidos pola Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Así mesmo, a administración municipal poderá, no seu caso, revisar as resolucións do tribunal, segundo o previsto na citada Lei 39/2015.

ANEXO I

Programa

Tema 1.- A Constitución Española de 1978. Estrutura e contido. Principios xerais. Os dereitos e deberes fundamentais dos españois.

Tema 2.- Protección dos dereitos fundamentais: o recurso de amparo.

Tema 3.- O acto administrativo: concepto, clases e elementos. A súa motivación e a súa notificación. Eficacia e validez dos actos administrativos.

Tema 4.- O procedemento administrativo. Significado. Principios xerais. Fases.

Tema 5.- A administración local. Entidades que comprende. Réxime local español. Principais leis reguladoras de réxime local.

Tema 6.- Órganos de goberno municipais. O Alcalde: elección, deberes e atribucións. Os concelleiros.

Tema 7.- O Concello Pleno: integración e funcións. A Xunta de Goberno Local: integración e funcións.

Tema 8.- Ordenanzas e regulamentos das entidades locais. Procedementos de elaboración e aprobación.

Tema 9.- Os bens das entidades locais. Bens de dominio público. Bens patrimoniais.

Tema 10.- Facendas locais. Presuposto municipal. Recursos dos municipios.

ANEXO II

SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN EN PROCESO SELECTIVO

SELECCIÓN DUN AUXILIAR ADMINISTRATIVO/-A DE ADMINISTRACIÓN XERAL

DENOMINACIÓN DA PRAZA OU POSTO DE TRABAJO: AUXILIAR ADMINISTRATIVO/-A DE ADMINISTRACIÓN XERAL
--

CARÁCTER DA CONVOCATORIA: FUNCIONARIO INTERINO	FORMA DE PROVISIÓN: CONCURSO - OPOSICIÓN
---	---

DATOS DO SOLICITANTE:

Apelidos e nome:

DNI:

Enderezo:

Enderezo electrónico:

Teléfono:

Manifesto expresamente, e baixo a miña responsabilidade, que reúno todas e cada unha das condicións esixidas nas bases reguladoras deste proceso, que coñezo, acepto, e **SOLICITO** a admisión para tomar parte na selección.

AUTORIZO expresamente ao Concello de O Vicedo que inclúa os meus datos nun ficheiro automático para fin exclusivo do proceso selectivo no que solicito participar.

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE A PROTECCIÓN DE DATOS

Responsable do tratamento

CONCELLO DE O VICEDO

Finalidade do tratamento

A tramitación administrativa que se derive da xestión desta solicitude de participación nun proceso selectivo, así como a actualización da información e contidos dos expedientes persoais.

Lexitimación para o tratamento

Cumprimento dunha misión realizada en interese público conforme o disposto no artigo 6.1.e) do Regulamento xeral de protección de datos (RXPd), con base no disposto na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e fundamentada nun interese público esencial (artigo 9.2.g) do RXPd).

Comunicación de datos

Os datos identificativos das persoas excluídas e admitidas, así como a cualificación final dos aspirantes e a relación de aprobados por orde de puntuación, serán publicados no Taboleiro de edictos deste Concello e na dede electrónica do concello <https://concellodovicedo.sedelectronica.es>

Exercicio de dereitos

Ten dereito a acceder, rectificar e suprimir os datos, así como calquera outro dereito que lle corresponda dirixindo a súa solicitude a concello@concellodovicedo.org ou a través da sede electrónica do Concello de Vicedo.

Información adicional

Pode consultar máis información en <https://concellodovicedo.sedelectronica.es/privacy.1>

O Vicedo, de de 2025

(Sinatura)

SR. ALCALDE – PRESIDENTE DO CONCELLO DO VICEDO

ANEXO III

RELACIÓN DE MÉRITOS QUE SE XUSTIFICAN E FORMA DE ACREDITACIÓN

DON/A

DNI nº

1.-

2.-

3.-

4.-

5.-

6.-

7.-

8.-

9.-

10.-

(...)

O Vicedo, de de 2025

(Sinatura)

ANEXO IV

DECLARACIÓN RESPONSABLE

DON..... con DNI nº
e enderezo.....

DECLARO: Que non estou afectado/a por ningún dos motivos de incompatibilidade recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas, que dispoño da capacidade funcional para o desempeño das tarefas habituais do posto ao que aspiro, e de non estar separado/a mediante expediente disciplinario do servizo ó Estado, ás Comunidades Autónomas ou ás Entidades Locais, nin estar inhabilitado para o exercicio das funcións públicas; no caso de ser nacional doutro Estado-, de non estar inhabilitado/a ou en situación equivalente, nin estar sometido/a a sanción disciplinaria ou equivalente que me impida, non meu Estado, nos mesmos termos, o acceso ao emprego público.

O Vicedo, de de 2025

(Sinatura)

VIVEIRO

Anuncio

O Pleno da Corporación, na sesión de data 13 de maio de 2025, adoptou, o seguinte acordo, no procedemento de expropiación dos bens e dereitos previstos para a execución do proxecto “Melloras estruturais para a redución do risco de inundación da ARPSI Fluvial ES014-LU170101 Río Fontecova, Viveiro (Lugo)”:

PRIMEIRO.- Prestar conformidade co proxecto da obra “Melloras estruturais para a redución do risco de inundación da ARPSI fluvial ES014-LU-170101 Río Fontecova. Viveiro (Lugo)”, de clave: OH.427.697.

SEGUNDO.- Adoptar o compromiso de recibir as obras, que pola súa natureza sexan susceptibles de recepción, e asumir o seu mantemento e conservación.

TERCEIRO.- No que atinxe á **dispoñibilidade dos terreos** mediante a súa posta a disposición para a execución das obras, **poñer a disposición de Augas de Galicia as parcelas de titularidade municipal**, afectadas temporalmente pola execución das obras; e, **ao respecto das parcelas de titularidade privada**, facultar á Sra. Alcaldesa para **levar a cabo os trámites necesarios para a súa adquisición**, segundo a documentación obrante no expediente e atendendo á ubicación das actuacións segundo o proxecto, **debendo ser postos ditos terreos a disposición de Augas de Galicia antes do inicio das obras, unha vez rematado o correspondente procedemento de expropiación forzosa ao respecto das parcelas afectadas que non son de titularidade municipal.**

CUARTO.- Recoñecer a declaración de utilidade pública da obra “Melloras estruturais para a redución do risco de inundación da ARPSI fluvial ES014-LU-170101 Río Fontecova. Viveiro (Lugo)”, de clave: OH.427.697, a tenor do disposto no artigo 17 do Real Decreto 903/2010, de 9 de xullo, de avaliación e xestión de riscos de inundación, en tanto que as obras recollidas no proxecto desenrolan a nivel de proxecto construtivo actuacións recollidas no Plan Específico de xestión de risco de inundación da ARPSI FLUVIAL ES014- LU-170101 RÍO FONTECOVA (Viveiro) (Este plan específico foi aprobado por Augas de Galicia en data 25 de abril de 2022. O antedito plan específico forma parte do Anexo III da revisión e actualización do Plan de xestión del risco de inundación da demarcación hidrográfica de Galicia-Costa, para o ciclo 2021-2027, aprobada polo Real Decreto 27/2023, de 17 de xaneiro, publicado no BOE nº 15 de 18 de xaneiro de 2023); así como, na súa condición de obra hidráulica, coa aprobación definitiva do proxecto, de conformidade co disposto na Disposición Adicional Oitava da Lei 9/2010, de 4 de novembro, de Augas de Galicia, en consonancia co artigo 29 e 28 da referida norma; en correlación cos artigos 9 e seguintes da Lei de 16 de decembro de 1954 sobre expropiación forzosa e 10 e seguintes do Decreto de 26 de abril de 1957, polo que se aproba o Regulamento da Lei de Expropiación Forzosa.

QUINTO.- Manifestar a aprobación por parte do Concello -a efectos da tramitación do procedemento expropiatorio, sen prexuízo das competencias para a súa aprobación por parte do órgano de contratación- do documento denominado *Clave OH.427.697. PROXECTO CONSTRUTIVO DE MELLORAS ESTRUTURAIS PARA A REDUCIÓN DO RISCO DE INUNDACIÓN DA ARPSI FLUVIAL ES01-LU-170101. RÍO FONTECOVA. VIVEIRO (LUGO) e ADENDA AO PROXECTO CONSTRUTIVO DE MELLORAS ESTRUTURAIS PARA A REDUCIÓN DO RISCO DE INUNDACIÓN DA ARPSI FLUVIAL ES014-LU-170101. RÍO FONTECOVA. VIVEIRO (LUGO) CLAVE: OH.427.697 RELATIVA A EXPROPIACIONES Y DISPONIBILIDAD DE TERRENOS; aprobar así mesmo o DOCUMENTO COMPLEMENTARIO AO PROXECTO COMPRENSIVO DA RELACIÓN DE BENS A EXPROPIAR*, no que se reflicte unha relación detallada e valoración estimada inicial dos terreos, construcións e demais bens a expropiar, a súa ubicación, identificación, superficie total das parcelas afectadas e superficie a expropiar, estado material e xurídico de cada un dos bens, os nomes dos propietarios ou os seus representantes, con indicación da súa residencia e domicilio, así como os de cantos sexan titulares dalgún dereito ou interese indemnizable afectados pola expropiación.

A aprobación deste documento de relación de bens a expropiar comprende a aprobación inicial do gasto polo importe estimado de valoración inicial dos bens a expropiar, que ascende a un total de 37.393,05 euros.

SEXTO.- Someter a información pública a relación de bens e dereitos a que se refire o punto anterior, por prazo de quince (15) días, mediante anuncios no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, nun dos xornais de maior tirada da provincia, así como, no taboleiro de anuncios electrónico deste concello, concedendo trámite de audiencia individual aos interesados por idéntico prazo, a fin de que poidan presentar cantos datos puidesen permitir a rectificación de erros padecidos na referida relación, ou opoñerse motivadamente á ocupación daqueles.

SÉTIMO.- Declarar inicialmente a necesidade de ocupación dos bens e dereitos contidos no documento *ADENDA AO PROXECTO CONSTRUTIVO DE MELLORAS ESTRUTURAIS PARA A REDUCIÓN DO RISCO DE INUNDACIÓN DA ARPSI FLUVIAL ES014-LU-170101. RÍO FONTECOVA. VIVEIRO (LUGO) CLAVE: OH.427.697 RELATIVA A EXPROPIACIONES Y DISPONIBILIDAD DE TERRENOS* e o documento complementario ao mesmo,

como DOCUMENTO COMPLEMENTARIO AO PROXECTO COMPRENSIVO DA RELACIÓN DE BENS A EXPROPIAR, por resultar imprescindible a súa obtención para a execución das obras comprendidas no proxecto, sen prexuízo do que resulte do período de información pública, tras o que corresponderá por parte do Pleno da Corporación declarar de forma efectiva a necesidade de ocupación.

OITAVO.- Finalizado o trámite de exposición pública, certificadas e informadas as alegacións presentadas, e adoptado polo Pleno da Corporación acordo de declaración efectiva da necesidade de ocupación, **solicitar ao Consello da Xunta de Galicia que declare urxente a ocupación dos bens e dereitos afectados**, xustificando dita urxencia nos criterios expostos no informe técnico que se transcriben na presente proposta e que este pleno asume integramente. Esta declaración de urxente ocupación, que se solicita en cumprimento da Orde de 7 de Decembro de 1983 sobre urxente ocupación de bens en expropiacións das Corporacións Locais de Galicia, publicada no DOG Nº 187, do 13 de decembro de 1983, tamén se fundamenta na declaración implícita de urxente ocupación dos bens e dereitos afectados que establece o artigo 29 da Lei 9/2010, de 4 de novembro, na súa condición de obra hidráulica, de conformidade co disposto na Disposición Adicional Oitava da Lei 9/2010, en consonancia co artigo 29 e 28 da referida norma; en correlación cos artigos 9 e seguintes da Lei de 16 de decembro de 1954 sobre expropiación forzosa e 10 e seguintes do Decreto de 26 de abril de 1957, polo que se aproba o Regulamento da Lei de Expropiación Forzosa; coa aprobación definitiva do proxecto.

NOVENO.- Facultar á Sra. Alcadesa para a realización dos trámites necesarios en orde a levar a efecto os acordos adoptados, así como para a continuidade da tramitación do procedemento de expropiación forzosa, delegando a realización de cantos trámites correspondan na tramitación do procedemento, a excepción dos hitos procedimentais expresamente atribuídos normativamente ao Pleno da Corporación. “

Consonte ao disposto nos puntos quinto e sexto do acordo plenario dase publicidade, xunto co acordo adoptado, ao DOCUMENTO COMPLEMENTARIO AO PROXECTO, COMPRENSIVO DA RELACIÓN DE BENS A EXPROPIAR, no que se reflicte unha relación detallada e valoración estimada inicial dos terreos, construcións e demais bens a expropiar, a súa ubicación, identificación, superficie total das parcelas afectadas e superficie a expropiar, estado material e xurídico de cada un dos bens, os nomes dos propietarios ou os seus representantes, con indicación da súa residencia e domicilio, así como os de cantos sexan titulares dalgún dereito ou

interese indemnizable afectados pola expropiación:

Número 1

<u>Titularidade:</u>	Privada
<u>Referencia catastral</u>	3146711PJ1334N0002RI
<u>Localización:</u>	Sd Fonte-Xunqueira 120- 27850 Viveiro (Lugo).
<u>Titular catastral:</u>	Fernández Cuevas, Manuel (100%)
<u>Domicilio:</u>	xxxxxxxxxxxxxxxxxx
<u>Rexistro da Propiedade:</u>	Tomo 820, Libro 322, folio 1122, finca rexistral 32.847 CRU 27011000837890
<u>Titular rexistral:</u>	Manuel Fernández Cuevas (50%) María del Mar Krahe Mata (50%).
<u>Estado de cargas:</u>	Sen cargas.
<u>Características:</u>	Edificación en ruína
<u>Clasificación do solo:</u>	Urbano.
<u>Tipo de afección:</u>	
<u>Temporal:</u>	
<u>Definitiva:</u>	81,00m2
<u>Valoración estimada inicial:</u>	16.944,47 €

Número 2

<u>Titularidade:</u>	Privada
<u>Referencia catastral</u>	3146712PJ1334N0002DI
<u>Localización:</u>	Fonte Xunqueira 119- 27850 Viveiro (Lugo).
<u>Titular catastral:</u>	Casariego Baamonde, Emilio (100%)
<u>Domicilio:</u>	xxxxxxxxxxxxxxxxxx

<u>Rexistro da Propiedade:</u>	Tomo 925, Libro 362, folio 194, finca rexistral 35.917 CRU 27011000837890
<u>Titular rexistral:</u>	Emilio Casariego Baamonde (100%)
<u>Estado de cargas:</u>	Sen cargas.
<u>Características:</u>	Edificación en ruína
<u>Clasificación do solo:</u>	Urbano.
<u>Tipo de afección:</u>	
<u>Temporal:</u>	
<u>Definitiva:</u>	28,57 m2
<u>Valoración estimada inicial:</u>	6.046,57 €
<u>Número 3</u>	
<u>Titularidade:</u>	Privada
<u>Referencia catastral</u>	3343202PJ1334S0002FH
<u>Localización:</u>	Avda. de Xunqueira nº 2- 27850 Viveiro (Lugo).
<u>Titular catastral:</u>	Docal Fernández, Manuel (100%)
<u>Domicilio:</u>	xxxxxxxxxxxxxxxx
<u>Rexistro da Propiedade:</u>	Tomo 354 e 884, Libro 140 e 348, folios 63 a 66, finca rexistral 10.446 CRU 27011000738357
<u>Titular rexistral:</u>	Manuel Docal Fernández (100%)
<u>Estado de cargas:</u>	Sen cargas
<u>Características:</u>	Edificación en ruína
<u>Clasificación do solo:</u>	Urbano.
<u>Tipo de afección:</u>	
<u>Temporal:</u>	
<u>Definitiva:</u>	118,50 m2
<u>Valoración estimada inicial:</u>	14.402,01 €

En cumprimento dos artigos 17 e 18 da Lei do 16 de decembro de 1954 sobre expropiación forzosa e 16 e 17 do Regulamento, así como no disposto no artigo 52 da referida Lei, faise público o devandito acordo e relación de bens e dereitos afectados polo procedemento de expropiación.

Viveiro, 20 de maio de 2025.- A Alcaldesa, María Carmen Gueimunde González.

R. 1371